

## burela

Aprobadas dúas modificacións de crédito de máis de 2.200.000 euros. **Pax. 5**

## viveiro

María Loureiro reitera a solicitude de autorización das obras na rúa Porto de Celeiro. **Pax. 10**

## ribadeo

Incentivos para as empresas que contraten alumnas do obradoiro Vilas Coidadoras. **Pax. 12**

## a pontenova

Comezan as obras de restauración do Muíño dos Namorados situado na ruta homónima. **Pax. 22**

## deportes

39 equipos participan na IV Copa Deputación de fútbol sala. **Pax. 27**

# A auga protagoniza os debates nos concellos



## Traballos arqueolóxicos en Mondoñedo

A escavación en Combarro trae á luz un forno de posible orixe altomedieval. **Pax. 19**

## Crean unha rede de turismo mariñeiro

A Fundación Expomar formará parte dela e estará integrada por vilas e pobos costeiros. **Pax. 25**

## Silvia Rozas



A burelesa, de só 25 anos, é frautista principal na Ópera de Hannover. **Pax. 6**

## Escolas Embaixadoras



O IES Dionisio Gamallo foi nomeado Escola Mentora do Parlamento Europeo. **Pax. 13**

## Os Espigueiros



O colectivo veciñal de Barreiros recupera a memoria histórica de San Miguel. **Pax. 16**

## A Deputación asesorou a 1.230 empresas

Atendéronse máis de 1.600 consultas con 7 axentes dixitais do plan Acelera PEMES. **Pax. 29**

## UNHA FIBRA DO 15 A UN PREZO NUNCA VISTO

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB  
+3 meses TV Total **GRATIS**

**15€**  
/mes  
44€/MES  
Durante 9 meses



Chama gratis ao **900 651 679**

combina o teu paquete a medida en [adamo.es](http://adamo.es)

Oferta válida para novos clientes que non contratasen ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 21/08/2023 e o 31/10/2023, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 50 GB durante os 9 primeiros meses a 15€/mes e, posteriormente, a 44€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais si instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Liñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. (2) ADAMO TV Total: Servizo gratuito durante os 3 primeiros meses e, posteriormente, a 12€/mes (IVE incluído); agás cancelación do servizo durante o período promocional.

# A MARIÑA

## Isabel Rodríguez anima aos lucenses a presentarse a Experiencias Turismo España



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, anima ás entidades, asociacións e empresas lucenses a presentarse á convocatoria “Experiencias Turismo España” do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, que mobiliza 20 millóns de euros do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno.

O programa ten como obxectivo impulsar proxectos de redes de actores que desenvolvan experiencias turísticas sostibles, dixitais, integradoras e competitivas en España e así atraer un turismo de calidade. O prazo de solicitude está aberto ata o 20 de setembro. Isabel Rodríguez destacou que “esta nova liña de axudas ofrece a oportunidade ás empresas e entidades de aumentar e mellorar as experiencias turísticas da provincia, poñendo en valor o patrimonio material e inmaterial do territorio, e situando ao viaxeiro como protagonista do destino”. Deste xeito, lembrou que o Goberno xa concedeu na

anterior convocatoria axudas para dous proxectos en Lugo. Concretamente, 109.000 euros ao AGDR Ribeira Sacra-Courel para impulsar a Rede de cruceiros de destinos náuticos sostibles; e outros 41.000 euros á Fundación Expomar, de Burela, para a creación da Rede de Turismo Mariñeiro.

A subdelegada na provincia informou que as axudas estatais oscilarán entre os 100.000 euros e 1 millón de euros como máximo. As solicitudes presentaranse ante a sede electrónica do Ministerio e no Portal de Axudas do Ministerio, así como na seguinte ligazón Sede electrónica del Ministerio de Industria, Comercio y Turismo – Procedimientos y servicios (serviciosmin.gob.es) “É o momento de avanzar cara un modelo turístico de calidade e intelixente, centrado na responsabilidade, sustentabilidade e accesibilidade e aí a provincia de Lugo ten moito que dicir”, afirmou Isabel Rodríguez.

## 25 actuacións teatrais súmanse á axenda cultural da Mariña

A Rede Galega de Teatros e Auditorios contribúe con 25 actuacións escénicas e musicais á programación deste segundo semestre do ano en Burela, Foz, Ribadeo e Viveiro, os catro municipios da Mariña lucense integrados neste circuíto de espectáculos.

Ademais, este verán a oferta cultural da comarca intensifícase con 17 citas do ciclo Cultura no Camiño nos concellos de Barreiros, Mondoñedo e Trabada, todas elas no marco da axenda de 2500 actividades que está a impulsar a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades baixo o lema A Cultura de Galicia é un CulturON.

**FOZ.** O municipio mariñán que concentra maior número de representacións neste segundo semestre, cunha carteleira de 15 espectáculos entre os meses de xullo e decembro.

A Sala Bahía será o escenario no que se desenvolverán os espectáculos, así, Teatro do Noroeste ofrecerá o 14 de setembro dous pases da súa obra *Feirantes*, e Ibuprofeno Teatro chegará o 20 de outubro con *Smoke on the Water*, obra pola que Josito Porto gañou este ano o Premio María Casares a mellor actor protagonista.

Xa en novembro, a Sala Bahía ofrecerá cinco montaxes dentro do circuíto autonómico. Os venres 3 e 10 resérvanse para a danza da man de LAD Dance



Company con *Qualia* e Marta Alonso Tejada con *Bailar agora*, mentres que o día 12 será a quenda de N+1 con *Divertimentos*, o 16 a de Talía Teatro con *Unha inimiga do pobo* e o 24 a de Compañía Humana con *Iphixenia na porta do súper*. Por último, o 3 de decembro Os Naufragos brindarlle ao público infantil a súa obra *Hugo*.

**BURELA.** A casa da cultura de Burela agardará a outubro para lle dar inicio á súa carteleira de catro espectáculos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Farao con Talía Teatro, encargada de abrir a actividade o día 13 con *A parábola do angazo*. A seguinte cita correrá a cargo de Airiños da Febra, que actuará o 21 de outubro. Nas dúas seguintes funcións, a maxia será a protagonista con Experiencias do Mago Rafa o día 28 de outubro e Rock and Magic

do Mago Teto o 4 de novembro.

**RIBADEO.** O auditorio Municipal de Ribadeo, que concentrou a meirande parte da súa programación en rede durante o primeiro semestre do ano, acollerá o 19 de novembro a obra *Rara Avis*, de Lílã Teatro.

**VIVEIRO.** Tamén en novembro, dará comezo o segundo período de programación anual no Teatro Pastor Díaz. A primeira función celebrarase o día 4 con *Crisálida* de Caramuxo Teatro. O día 11 chegará Inconstantes Teatro con *Hasta que la muerte nos separe* e o 25 Contraproducións representará *Entrega en man*.

En decembro, Teatro do Noroeste actuará o día 2 con *Último verán en Santa Cristina* e Malasombra poralle o colofón á carteleira en Viveiro o día 9 con *Os Fabulosos Cleaners*.



MUEBLES CON  
**Cuidados  
Detalles**

**almayo**  
muebles

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

f @

## Denuncian o desmantelamento do servizo de dixestivo do hospital

Dende CIG Saúde denuncian que o Hospital da Mariña, “un hospital Xeral básico, tan só ten unha dotación de dúas facultativas especialistas en dixestivo para dar cobertura sanitaria a unha poboación de 72.000 habitantes. A data 1 de febreiro do 2023 ausentouse unha das médicas a cal non foi cuberta polo que dende esa data, unha soa dixestóloga se atopa ao fronte do servizo”.

“A Xerencia de Lugo coa complicidade da dirección do hospital mariño mantén a segunda praza do hospital da Mariña sen cubrir, incrementando a lista de espera de pacientes, promovendo derivacións de pacientes a centros privados de Lugo para v de probas endoscópicas e favorecendo así o desmantelamento do servizo”, din. Ao tempo, contratan dixestólogos para reforzar a dotación do Hula, sendo un total de 17 dixestólogos para dar cobertura a unha poboación de pouco mais de 200.000 persoas, sinalan dende a central nacionalista.

Agora, a única dixestóloga coa que conta o centro hospitalario mar-



chou dúas semanas de vacacións e tanto a dirección do centro como dende Lugo “non fan os esforzos necesarios para cubrir dita ausencia con cando menos, outra especialista en aparello dixestivo. Parchean a situación desviando un facultativo con experiencia en endoscopia 3 días á semana para asumir ditas probas”. Así mesmo “desarman a citación das consultas. Os pacientes que estaban citados para a consulta de dixestivo, xa foron chamados para anularlles a cita pasando a engrosar o caixón de espera de citación”, denuncian dende CIG-Saúde

Mariña.

Por outra banda, os pacientes citados para tratamentos biolóxicos terán un seguimento telemático dende o servizo de Lugo, o que dende CIG-Saúde consideran unha “temeridade, xa que ante unha posible reacción adversa ao tratamento, precísase da intervención áxil da facultativa, polo que é importante que se atope preto e en alerta”.

Para a CIG-Saúde da Mariña isto supón un novo ataque contra a sanidade da Comarca convertendo aos mariños en cidadás de segunda.

## Aberto o prazo de inscrición no programa Sinfónico no rural

O programa Sinfónico no rural abre as portas das inscricións para o vindeiro curso nos concellos de Alfoz e Barreiros.

Sinfónico non Rural, un programa de educación musicosocial gratuíto e inclusivo dirixido á infancia que, a través da música, pretende formar persoas que de maneira activa, inclusiva e equilibrada constrúan unha comunidade máis xusta e transformadora. Así pois, os nenos e nenas son os protagonistas do programa, xa que eles serán en axentes activos neste cambio.

Devandito cambio desenvolverase a nivel individual, familiar,



grupal e comunitario e con cambios no contexto social, educativo e cultural da zona.

Por iso, “a integración da comunidade e dos seus axentes

é fundamental no programa, xa que traballaremos por e con ela”, din dende o programa. Para iso, “buscaremos sempre as súas potencialidades e traballaremos para colaborar na superación das súas necesidades”. Así pois, tras unha análise das mesmas, levará un Plan de Acción.

Así, este espazo colectivo que favorece o benestar integral e a transformación sociocultural a través da música está dirixido a nenos de 7 a 12 anos. Para solicitar máis información ou facer xa a preinscrición para o este curso haberá que chamar ao 699 410 878.

## Burela e Viveiro contarán cun campus de taekwondo

O concello de Burela acollerá ata finalizado o mes de novembro, o seu Campus de Taekwondo. Este desenvolverase todos os luns, mércores e venres de 16.00 a 17.00 no pavillón Os Castros.

A actividade será gratuíta, como parte do Plan Corresponsables para favorecer a conciliación familiar. Poderá participar a rapazada de 3 a 16 anos para formarse neste deporte.

**VIVEIRO.** O concello de Viveiro acollerá ata o xoves 30 de novembro, un Campus de Taekwondo gratuíto. Este desenvolverase todos os martes, xoves e sábados de 11.45 a 12.45 no pavillón Vilar Ponte ata o inicio do curso escolar, cando se proporán alternativas de horario.

A actividade inscríbese no Plan Corresponsables para fa-



vorecer a conciliación familiar. Poderá participar a rapazada de 3 a 16 anos para formarse neste deporte.

Para mabos campus será necesario anotarse na actividade contactando coa entidade organizadora Club Jansu, de Vilalba, a través do correo electrónico [juancaqd@gmail.com](mailto:juancaqd@gmail.com) ou no teléfono 651 577 247.

## Varios concellos prohiben o uso da auga da traída para usos non prioritarios

Debido ao incremento de consumo de auga potable, xunto coa situación de escaseza de choivas dos últimos meses, estanse a ver afectados os depósitos de abastecemento de varios concellos da comarca, polo que se pode producir insuficiencia de auga.

Por iso dende o Goberno local de Barreiros, Alfoz e Xove decretaron a prohibición de auga da traída municipal para usos non prioritarios desde este mesmo momento.

Estes usos non prioritarios son os regos de xardíns exceptuando as plantacións de amentos, o enchido de piscinas ou similares, as limpezas de vehículos ou

calquera outro uso que non responda ás necesidades básicas de persoas ou animais.

“Trala revisión dos diferentes mananciais que abastecen os depósitos de auga potable do noso concello e ante a situación de seca prolongada que está a sufrir a maior parte da nosa comarca, vémonos na obriga de tomar medidas restritivas de carácter urxente para manter os mínimos niveis imprescindibles necesarios na rede municipal de auga”, dixeran en Alfoz.

“Polo ben da veciñanza apelamos ao civismo e á responsabilidade de todas as persoas no consumo e uso da auda no día a día”, dixeran en Xove.

DO 25 AGOSTO AO 16 SETEMBRO PARTICIPA COAS TÚAS COMPRAS EN CCAFOZ

SORTEO  
1000 EUROS  
EN VALES DE COMPRA  
5 PREMIOS DE 100 EUROS  
10 PREMIOS DE 50 EUROS

VOLTA AO  
COLE

CCAFUZ  
CENTRO COMERCIAL ABERTO

## O GDR Terras de Miranda organiza un curso de apicultura

O GDR Terras de Miranda organiza un curso de iniciación á apicultura que se desenvolverá a finais de setembro.

Este obradoiro, realizado pola Oficina Rural de Mondoñedo, está destinado a persoas vinculadas profesionalmente cos sectores produtivos relacionados coa agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-maderreira ou con expectativa de incorporación, en especial mozos e mozas do medio rural galego. Será na finca A Granxa do IES San Rosendo durante os días 25, 26 e 27 de setembro e terá unha du-



ración de 20 horas. Para máis información haberá que poñerse en contacto chamando ao 982 828 533.

## O Rally Turístico Terras do Incio terá unha xornada na comarca

O Rally Turístico Terras do Incio volve este ano entre o 5 e o 11 de setembro para que os participantes, tanto nacionais como internacionais e amantes do motor, poidan gozar de increíbles rutas culturais e gastronómicas por Terras Galegas e especialmente pola provincia de Lugo.

Así, vehículos con historia de marcas como Mercedes, Aston Martin, Maserati, Ferrari, Xaguar... engalarán as estradas e pobos lucenses durante unha semana e que descubrirán o encanto desta bela terra.

A iniciativa comezará o martes 5 de setembro no Concello de Sober,

onde terá lugar a saída, percorrendo a Ribeira Sacra, con parada en Castro Caldelas e visita ao Museo do Ferrocarril de Monforte de Lemos.

Así, na xornada do sábado 9, o rally irá ata Asturias, chegando a Cudillero e a Luarca, e o domingo irán cara A Pontenova, Taramundi e os Teixois, terminando a fin de semana cunha festa Indiana no Parador de Ribadeo. O último día, o luns 11, os participantes despídense do evento cun percorrido polo Monte de Santa Cruz e logo unha visita especial á Fábrica de cerámica de Sargadelos.

## Educación instalará placas fotovoltaicas en catro centros educativos da comarca



Catro centros da comarca instalarán placas solares para o seu aforro enerxético. Este centros son o CIFP Porta da Auga de Ribadeo, o IES Perdouro de Burela, o IES María Sarmiento de Viveiro e o IES Illa de Sarón de Xove. O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez dixo que "con elas prevemos un aforro medio do 30% do consumo, cifra que variará en función do gas-

to enerxético de cada un. De feito, neste centro a redución podería ser incluso algo superior", indicou. Desta maneira, lembrou, "avanzamos nun dos obxectivos principais do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que é o de acadar uns centros educativos máis eficientes e respectuosos co medio ambiente". O custo medio de cada instalación fotovoltaica é de 28.000 euros, importe que varía lixeiramente en función do centro.

# Outro embalse para A Mariña?



Por Iván Rodríguez Lombardero do Sindicato Labrego Galego.

Estes días que choveu forte e levamos algo de auga, mais temos aínda enriba a ameaza das restricións, é bo día para volver a falar da seca.

Se ben os modelos predictivos de precipitación non indican que as cantidades globais se vaian reducir na Galiza, si indican dúas tendencias preocupantes:

1) As choivas serán menos regulares, e polo tanto teremos máis episodios de seca, e cando chova será de xeito máis torrencial.

2) A suba das temperaturas levará a máis evaporación e máis transpiración polas plantas.

Ambas dúas tendencias supoñen menos auga dispoñible: a torrencialidade fai que a auga escape nas enchentes no canto de infiltrarse lentamente nos pequenos acuíferos que dispomos. E a maior transpiración seca o chan impedindo que a auga infiltrada o empape e esorra por eles cara as nosas fontes, mananciais, regos e ríos.

Ante esta situación, xa inevitable no que resta das vidas das que aquí estamos hoxe, prepararse axiña para a inminente vindeira seca é o máis intelixente que podemos facer. Desde xa, porque moitas das medidas que deberemos tomar levarán meses ou anos.

As medidas contra a seca podemos clasificalas en individuais e colectivas, de xestión de oferta ou de xestión de demanda, de instalacións ou de xestión territorial.

As máis rápidas son as individuais, de xestión de demanda e de instalacións, é dicir, as medidas de aforro que cada quen de nos pode facer na súa vivenda ou actividade, que adoitan aparecer nos bandos municipais. Delas podemos dicir que teñen un alcance limitado, que boa parte delas xa as facemos sen haber seca e son voluntarias ou de difícil control (ducha no canto de baño, lavado de coches ou enchido de piscinas, etc.)

O razoable nos tempos que veñen é facer permanente a extensión destas medidas de evitación

do despilfarro e de facer unha xestión da demanda colectiva a través de ordenanzas municipais de auga que implementen unha tarifa por bloques: un mínimo axustado ás persoas censadas a partir desa cantidade. Unha tarificación deste tipo promovería a instalación de aireadores nas billas, dosificadores nas cisternas e alcachofas de ducha de aforro de auga, reducindo ate nun 50% a demanda e polo tanto a probabilidade de restricións de auga. Na actualidade en Ribadeo temos un mínimo de consumo moi elevado (10m3/mes) de xeito que o 80% dos abonados pagan por auga que non consumen, e seguirán a facelo aínda que aforren auga. Tamén é preciso actuar sobre as perdas nas tubaxes da traída de auga, que no noso concello eran dun 30% na última información que dispoño -tema pendente hai décadas polo seu importe millonario e a necesidade de acordo entre administracións-. Bo momento para priorizalo e reducir esa porcentaxe por baixo cando menos do 20% (cifra difícil de superar).

Finalmente, en todo caso se os caudais do Lexoso e do Eo volven a quedar case secos pouco servirán os aforros que promovemos. Para reducir a posibilidade de que isto suceda debemos tomar medidas de ordenación do territorio. Está cientificamente probado que o eucalipto absorbe unha cantidade de auga moi superior a doutras especies arbóreas. Teremos logo que decidir entre ter todos os montes cheos de eucalipto ou dispor de auga para beber, para o gando e para regar as hortas (si, no futuro deberemos regar cada vez máis as hortas no verán). A redución progresiva da superficie de eucalipto na Mariña vai caer na miña opinión polo seu peso, se non vén imposta por un deses lumes xeración (crucemos os dedos).

Non digo a desaparición, falo dunha racionalización. Comezar por cumprir a lei vixente: afastados xa das vivendas, cómpre sacalos das zonas de concentra-

ción parcelaria e manter as distancias coas fontes, regos (mesmo os máis pequenos regatos) e ríos. Seguir por delimitar zonas ó redor das fontes e captacións veciñais, para deixalas libres de plantacións (tamén de calquera uso potencialmente contaminante). E rematar por delimitar en plans de ordenación forestal as zonas onde poden ser plantados, fomentando no resto as plantacións forestais autóctonas de crecemento lento, que son rendibles, coidan o chan e favorecen a infiltración sen esgotar a auga. Tamén neste eido, cómpre fomentar a gandería extensiva para evitar a contaminación por xurros das granxas e favorecer a implantación de sistemas locais de depuración de augas nas parroquias.

Lamentablemente as declaracións dos nosos representantes políticos despois das obrigadas restricións van máis por fialo todo a seguir polo rego que levamos construindo un novo gran embalse para abastecemento da Mariña. É dicir, a vella estratexia de incrementar a oferta de auga, sacando aínda máis da pouca que levan os nosos leitos fluviais.

Unha opción que sendo intuitiva e simple, e polo tanto doada de defender ante a poboación, ten varias eivas importantes: é unha opción no moi longo prazo, non depende dos concellos, resulta moito máis cara que a suma das aquí propostas e non supón garantía por si mesma: incrementar a capacidade de embalse sen reducir a demanda, nin as perdas, nin a evapotranspiración nos montes, nin a contaminación, nun contexto de quecemento e incremento da torrencialidade non garante que teñamos máis auga ca hoxe no futuro. Reducir a demanda si asegura que a que teñamos -a que sexa- nos dure máis tempo permitíndonos superar eses períodos de seca.

O debate está aberto. Racionalizar e fomentar o aforro ou manter o despilfarro e promover o crecemento da demanda a costa da vida dos nosos ríos, esa é a cuestión.

## NOVAS

burela

## Aprobadas dúas modificacións de crédito de máis de 2,2 millóns

O equipo de goberno actúa con previsión e con provisión de fondos, segundo subliñou o alcaldesa, Carmela López, tras o pleno ordinario celebrado onte e no que foron aprobadas dúas modificacións de crédito por importe de máis de 2.200.000 euros, que se destinarán a realizar diferentes actuacións na vila.

A rexedora explicou que “con estas modificacións de crédito dotamos partidas orzamentarias para poder facer inversións. Por exemplo para finalizar os expedientes de expropiación dos terreos dotacionais e tamén obras como as da Marosa (a grada do campo de fútbol, a substitución do campo de herba artificial e o peche perimetral), tamén partidas para o arranxo de beirarrúas e de vías como Leandro Cucurny, Calle do Can, Vila do Medio, mellora de parques e prazas en Vilar, O Cantiño, O Campón, Parque Rosalía de Castro, Tíjola..)”. Carmela López subliñou que “este equipo de goberno ten claro que hai que investir en Burela e actuamos con previsión e con provisión de fondos, facendo esta modificación para ter dispoñible este diñeiro e así facer realidade proxectos e actuacións na nosa vila”.

As dúas modificacións de crédito aprobadas ascenden a máis de dous millóns douscentos mil euros. En total 2.228.058,19 euros. O rexedora dixo que “este foi o noso primeiro pleno ordinario, convocado en prazo, tal e como estaba establecido. Estas sesións serán o último xoves de cada mes impar”.

O rexedora dixo que “este foi o noso primeiro pleno ordinario, convocado en prazo, tal e como estaba establecido. Estas sesións serán o último xoves de cada mes impar”.

O rexedora dixo que “este foi o noso primeiro pleno ordinario, convocado en prazo, tal e como estaba establecido. Estas sesións serán o último xoves de cada mes impar”.



**FESTIVOS LOCAIS.** Os festivos locais no 2023 serán o luns das festas patronais (3 de xuño) e o 24 de xuño “en lugar do Martes de Entroido, porque a noite de San Xoán está a funcionar moi ben en Burela e imos apostar por esa fin de semana”.

Carmela López tamén se referiu ás mocións presentadas ao pleno: “a de Sempre Burela relativa a modificacións de tráfico, recolleamos as propostas para ter en conta no Plan de Mobilidade e reordeación de tráfico no que estamos a traballar, pero non podemos tomar decisións precipitadas sen ter o resultado final. E as mocións do Partido Popular pretenden confundir aos veciños. A xestión de persoal e o mercado son temas nos que evidentemente estamos traballando, a unidade de Torrentes é un expediente complexo que merece máis que unha moción marcando dous meses de prazo para resolver, algo que leva máis de dez anos enriba da mesa”.

O tenente de alcaldesa, Mario

Pillado, dixo que “ante as ganas de confundir e embarrar o terreo por parte do Partido Popular nós temos a determinación clara de afrontar o traballo que temos por diante para servir á veciñanza da maior maneira. Neste tempo debemos asegurar que a verdade se impoña ás manipulacións e á mentira que personifica o Partido Popular”.

**PARTIDO POPULAR.** Os populares lamentan que “o bipartito se opuxera á contratación do persoal para mellorar o funcionamento da administración local e dar mellor servizo; a acelerar o proceso de regularización do mercado semanal dos venres; a poñer en valor a praia da Marosa e tamén a dar cumprimento á sentenza xudicial que pesa sobre o Concello de Burela para resolver a Unidade de Actuación de Torrentes que alonga un proceso que xa leva 18 anos en curso”.

Os concelleiros consideran chamativo que “rexeiten avanzar en xestións do seu programa electoral”.

## O verán deixou 6.375 visitas na oficina de turismo

O Concello mellora un ano máis as cifras de visitantes nos meses de xullo e agosto, correspondentes á tempada estival. Segundo os datos proporcionados pola Oficina de Turismo de Burela, o verán de 2023 atendeu un total de 6.375 solicitudes de información turística, o que representa un incremento do 2,71% respecto a 2022.

“O sector turístico continúa mellorando, superando as cifras de 2022, que xa foran históricas. Isto demostra que as estratexias de promoción turística están funcionando e fan de Burela un destino atractivo”, sinala Ramiro Fernández, concelleiro de Turismo, quen insistiu na importancia “do retorno económico do turismo na vila, que beneficia á hostalaría e ao comercio, que é o noso principal obxectivo”.

Entre os usuarios atendidos, o

turismo nacional segue destacando sobre o turismo estranxeiro, destacando os franceses no conxunto dos visitantes internacionais. Neste sentido, Madrid continúa a ser a principal comunidade autónoma que vista a vila, representando o 39,8% do total de turistas que gozaron de Burela este verán. Castela e León xunto ao País Vasco son as seguintes comunidades de orixe máis habituais nos turistas.

En agosto, un notable 34,3% dos usuarios da oficina de información elixiron pernoctar en Burela, mentres que outros optaron por aloxarse en diferentes lugares da comarca. En canto ás motivacións dos visitantes, as razóns seguen sendo as mesmas que en anos anteriores: o clima temperado, as paisaxes verdes e a costa, xunto coa gastronomía local.

## O campo de fútbol da Marosa recibirá unha achega

O campo de fútbol da Marosa recibirá unha achega de 40.165 euros para a renovación do peche perimetral, do total de 50.200 euros de orzamento.

O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, explicou que esta orde financia o 80% das actuacións, ata o límite de 50.000 euros no caso de obras e de 10.000 euros para adquirir equipamento. A porcentaxe restante será achegada

polas entidades locais.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 11 de setembro. A Administración incorporará e tramitará de oficio as propostas que foran desestimadas por falta de orzamento.

En canto aos concellos beneficiarios na primeira convocatoria, hai once máis na Mariña: A Pontenova, Barreiros, Cervo, Lourenzá, Mondoñedo, O Valadouro, Orol, Ribadeo, Trabada, Viveiro e Xove.

**PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros**  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

# “Non todos os concertos son iguais nin sentes o mesmo”

Silvia Rozas Ramallal, de só 25 anos, é frautista principal na Ópera de Hannover

A burelesa Silvia Rozas conseguiu dar un gran paso na súa traxectoria profesional e con tan só 24 anos xa é a frautista principal na Ópera de Hannover. Comezou aos sete anos no mundo da música e anteriormente foi a frauta solista da Badische Staatskapelle Karlsruhe. Esta burelesa opina que a música axuda á comunicación, a compartir momentos, ou a coñecer outras culturas.

## Como foron os seus inicios na música?

Lembro os meus inicios con cariño. Comecei cando era cativa e non tiña ningunha expectativa coa frauta, simplemente ía porque me gustaba e o pasaba ben.

## Porque se decantou pola frauta?

Pódese dicir que foi bastante casual. Por aquel entón tiña unha amiga que tamén tocaba a frauta e pensei sería útil ter a quen pedir axuda se tiña dúbidas.

## Como chegou a tocar na Ópera de Hannover?

O proceso de selección consistiu en catro roldas. A primeira foi cunha cortina para manter

ba, e movíame sempre en círculos moi multiculturais, polo que non tiven moitas dificultades. Aínda así son consciente de que a miña situación como estudante ou como persoa cun traballo respectado socialmente dista moito á doutros inmigrantes sen tanto privilexio coma o meu e que si enfrontan a máis xenofobia e racismo diariamente.

## Que tipo de repertorio se fai na Ópera? ballets, sinfónicos, etc.

Principalmente tocamos óperas, aínda que tamén facemos un proxecto sinfónico ao mes, concertos de cámara e para nenos. O meu concerto favorito ata agora foi unha especie de concerto-festival para nenos onde participaron desde rapeiros ata grupos de bailes e fixeron gofres para todos os pequenos, ulía de marabilla ata dende o foso. Así que a pesar de estarmos especializados en ópera hai moita variedade no traballo do día a día.

## Pode describirnos como é un concerto ou as sensacións que transmite estar no escenario?

Non todos os concertos son iguais nin sentes o mesmo en todos. Aínda así decidín dedicarme a música pola sensación que a veces, non todas, experimentas. É unha sensación de tronso, como se non existe nada máis e só sentes unha felicidade extrema, calma e chea de enerxía á vez e seguridade. Resulta moi difícil de explicar e soa un tanto estraño, pero nos últimos anos os psicólogos están descubriendo máis disto que deron en

chamar estado de *flow*.

## Estivo en máis formacións ademais da de Hannover?

Toquei con distintas orquestras xoves como a de Galicia, a de España e a da Unión Europea. Logo tamén fun academista (similar a facer prácticas) na Sinfónica de Hamburgo e a Ópera Alemá de Berlín. Por último, tiven un contrato temporal no teatro de Karlsruhe antes de gañar a praza en Hannover. Ademais diso é frecuente colaborar con outras orquestras cando alguén está enfermo ou precisan algún músico máis.

## Como definiría esta experiencia?

Podería escribir unha longa lista de adxectivos! Feliz por ver o esforzo de tantos anos recompensado, como un reto ao deixar de estar no ambiente académico máis protexido, algo triste por implicar outra mudanza e deixar máis xente atrás, enriquecedora ao estar en contacto con novos artistas que me inspiran, etc.

## Que accións futuras ten en mente poñer en marcha? Algunha en Burela, a súa casa natal?

Teño moitos plans, pero entre o traballo, o máster que aínda estou a cursar e os concertos extras cústame atopar tempo. Teño claro que contribuir á sociedade é moi importante para min e creo firmemente na educación como catalizador de cambios sociais positivos. De momento o que está sobre a mesa é unha colaboración coa



Escola de Burela e quizais algún curso de frauta por Galicia para compartir cos máis novos o que fun aprendendo nestes anos por Europa. No futuro si me gustaría investir máis tempo neste tipo de proxectos.

## Gustaríalle volver a Galicia ou pola contra no mundo da música clásica é mellor estar por Europa central?

Fáiseme difícil responder a esta pregunta. De momento, estou ben por aquí disfrutando do ambiente cultural tan vibrante, pero como galega que son, a terra tamén me chama. Non

sempre as diferenzas as hai que categorizar como mellor e peor, cada sitio aportaríame unhas cousas distintas, pero quizais neste momento vital quedome coas alemás.

**“En cada ronda toquei solos distintos, tamén un concerto clásico con piano, unha peza de frauta soa e música de cámara coa orquestra”**

**“De momento estou ben por aquí disfrutando do ambiente cultural tan vibrante, pero como galega que son, a terra tamén me chama”**

o anonimato e so votou o grupo de frautas. A partir de aí a orquestra e o director tamén tiñan voz na escolla. En cada rolda toquei uns solos distintos, tamén un concerto clásico con piano, unha peza de frauta soa e música de cámara cos músicos da orquestra. Eramos 150 candidatos.

## É un soño estar neste posto? Si, un feito realidade!

## Fala alemán? Como foi a barreira idiomática?

Claro, realicei a miña carreira en Alemaña e era preciso sacar un B2. Teño que dicir que en Berlín o idioma que usei o 90% do tempo foi o inglés, que xa fala-



## Cal é o seu música, director ou peza favorita?

Depende para que. Nos últimos meses escoitei moitísimo a María Pelae e a Rosalía ao esperar pola mañá, para comezar o día con bo ánimo. Para cociñar tiro máis cara algunha *playlist* de *bossa nova*. Se necesito sentirme capaz de comer o mundo, algúns temas de Lizzo ou Taylor Swift. Dentro da música clásica tamén depende de como me sinta: dende Puccini para os días máis sensibles, a música sinfónica do romanticismo se me sinto invencible ou Mozart se estou máis xoguetona, por citar uns poucos. Mentres sexa boa música dáme igual o xénero!

# Comezou un control do estado de conservación dos soares

A Policía Local de Burela iniciou un operativo de control do estado de mantemento e conservación de soares do municipio, para propor para sanción aqueles que se atopan en estado de abandono e incumpran as condicións de hixiene e estética ás que deben adecuarse. Dende a concellería de Medio Ambiente sinalan que “a Burela Bonita que todos ansiamos pasa pola responsabilidade da cidadanía de manter e conservar os soares en condicións de salubridade, seguridade e ornato público”. Porén, “algúns dos propietarios están a eludir o seu compromiso co noso municipio”, indican.

No período estival, polas condicións de sequedade e o incremento das temperaturas, a ausencia de conservación dos terreos favorece a probabilidade de que se incrementen os riscos de incendio, polo que se fan necesarias este tipo de actuacións. Ademais, trátase dunha época que favorece a aparición



de moita da fauna silvestre.

A Ordenanza Municipal de Limpeza do municipio sinala que “os propietarios de soares e terreos deberán mantelos limpos, libres de residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público”. Esta obriga inclúe a esixencia de desratización e desinfección dos soares.

A ordenanza sinala tamén que

“dende os soares particulares non poderá sobresaír á vía pública ningunha clase de maleza, arbustos, matogueiras ou calquera clase de vexetación.”

Ademais, no seu artigo 24 de execución subsidiaria dos traballos indícase que “os servizos municipais procederán á execución subsidiaria dos traballos a que fai referencia o artigo anterior, con cargo ao obrigado e sen prexuízo das sancións correspondentes”.

“Se por motivos de interese público ou sanitario fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do propietario, o Concello procederá a acceder aos soares de propiedade privada, imputando todos os custos da actuación que correspondan aos propietarios do terreo”, sinalase tamén no mesmo artigo.

Ditas infraccións, de acordo co artigo 47 da citada ordenanza no seu apartado b.3, están tipificadas como graves, con ata 1.500 euros de penalización.

## A Ocioteca de Verán rematou cunha actividade sobre o ‘Lixo de cada día’

As nenas e os nenos da Ocioteca de Verán, coa axuda das monitoras de Gaia, realizaron a derradeira actividade desta tempada denominada Lixo de cada día. Segundo explican as propias monitoras “consistiu nun roteiro á praia de O Portelo e a elaboración dun mural no que clasificaron segundo a súa procedencia os diferentes residuos que se poden atopar nos nosos areais: bastonciños, toallíñas húmidas, compresas, botellas de plástico, tapóns, microplásticos, restos de redes, cabichas...”.

A concelleira responsable do Centro Gaia, Lina Gómez, contou que “as monitoras de Gaia fixeron fincapé en que estes residuos estarán durante moitos anos na natureza e nalgúns ocasións nunca desaparecerán, ocasionando contaminación nos nosos mares e praias. E insistiron na necesidade de depositalos, sempre que sexa posible, nos diferentes contedores que atoparemos nas nosas rúas”.

A Ocioteca promove actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico e actividades que favorecen o traballo en equipo e a creatividade; potencia actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural; e da coñecer a contorna.

## Novo éxito da Feira do Bonito e Produart co apoio da Deputación



A XXI Feira dos Produtos Artesanais e Ecolóxicos Produart e da XXXVII Feira do Bonito, recoñecida de Interese Turístico Nacional, converteu un ano máis a este municipio da Mariña na capital do bonito, o arte, a artesanía e a gastronomía.

Concretamente, a institución provincial apoiou a Feira do Bonito cunha axuda económica de preto de 6.000 euros, e para a Feira Produart achegou máis de 3.000€ para a súa organización.

“Esta festa é unha auténtica reivindicación do noso. Do noso mellor produto, pero tamén dos nosos mellores valores, porque da man de Produart esta cita converteu a Burela nun referente tamén do consumo responsable, nun lugar no que se valora a proximidade e as cousas feitas con mimo e a man”, sinalou o Deputado.

**AMARTE.** Adri Pardo foi a gañador da sétima e última edición do Certame de Pintura Mural AmarTE. A artista recibiu un premio de 1.200 euros. O segundo premio foi para a creación de David Catá, que foi premiado con 800 euros. E o terceiro premio, dotado con 600 euros, recibíuno Hipólito Xeada.

Os outros seis artistas participantes non premiados recibiron 300 euros cada un e unha bolsa de produtos doada por O Almacén do Peixe. E todos foron agasallados cun trofeo do ceramista comarcal Alfonso Otero Regal.

## Comezaron as obras para renovar a rúa Camiño Real



O Concello deu comezo as obras para renovar a rúa Camiño Real entre as rúas Mestre Don Camilo e a rúa do Ril, realizando un investimento de 111.230 euros.

A actuación encádrase dentro do Plan Único Provincial do ano 2022, e a empresa adjudicataria é López y Leis SA. Consistirá no levantamento de mobiliario urbano e de aceras para renovar todos os servizos, tanto de saneamento como de abastecemento, realizando mellores especialmente nas instalacións eléctricas.

Ademais, tamén servirá para mellorar as beirarrúas e dotalas dunha maior accesibilidade. “É unha actuación que entendemos que era necesaria para seguir mellorando a accesibilidade da vila, xa que a acera era xa bastante antiga”, sinala o concelleiro de Obras,

Ramiro Fernández Rey.

O edil explica que “a rede de abastecemento estaba dando bastantes problemas, especialmente polas fugas de auga, polo que decidimos mellorar as instalacións e en particular as que están por debaixo da terra, que son as que adoitan precisar deste tipo de actuacións integrais”.

“O rendemento da rede de abastecemento está moi por riba da media dos concellos de Galicia, pero oso non quere dicir que non vaíamos seguir intentando melloralos. E este tipo de actuacións demóstrano con feitos”, engadiu.

Ademais, Fernández Rey destacou a importancia de evitar as fugas de auga no momento que estamos pasando, onde hai seca en moitos sitios aínda que non sexa o caso aquí”.

## O PP faise eco das queixas dos pais sobre as cancións empregadas nos inchables

Os populares fanse eco das queixas dos pais e nais sobre a temática das letras das cancións empregadas como animación musical nos inchables situados diante a Casa do Concello. “Se ben nos parece axeitado que os nenos e nenas dispoñan de oferta de ocio no tempo estival, o que non compartimos é que o goberno local se desentenda das actividades contratadas e permita o uso de letras malsoantes e fóra de lugar como animación dos inchables infantís”.

É por iso polo que “dende o PP de Burela instamos ao goberno bipartito a actuar de forma responsable e controlar non só que as actividades se desenvolvan ben, senón que se adapten ao contexto e, neste caso,

a animación musical sexa acorde á idade dos usuarios”.

O Grupo Municipal Popular esixirá no vindeiro pleno “un maior control sobre a adecuación da programación das actividades infantís co fin de evitar malestar entre os pais e nais”.

O voceiro, Manuel Rouco, sinala como “unha debilidade máis deste goberno bipartito, a falta de control que debe exercer un goberno dun Concello coma Burela que na actualidade require dunha xestión dende unha perspectiva social”.

Os populares piden, ademais, unha programación de actividades atendendo á diversidade e, polo tanto, que o goberno teña en conta as necesidades de todos os nenos.



**CURSO 2023/2024**  
Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso

Preparado por **Cambridge** English Qualifications



**Reserva ahora!**  
982 103 377  
605 738 247

[www.docklandsacademy.es/matricula](http://www.docklandsacademy.es/matricula)

## Suso da Bahía recibirá a navalla de Manuel María este ano

Cada 8 de setembro, a Irmandade de Manuel María e a Asociación Xermolos celebran a Memoria da Chaira Enteira, dedicada a espallar a vida e a obra do poeta e a visualizar os vencellos que foi creando con mulleres e homes do noso pobo.

Neste ano será entregada a navalla do Manuel ao que durante moitos anos foi responsable da Librería Bahía de Foz, a Suso Fernández, máis coñecido como Suso da Bahía, que recibirá o premio a título póstumo, tras haber falecido fai pouco máis dun ano.

O premio vai ser recollido pola súa filla, Cielo Fernández, que dedicará unhas palabras na honra do seu pai e á súa amizade con Manuel María.

Tamén, este ano recibirá a navalla do Manuel o músico e comunicador Xurxo Souto.

A xornada terá lugar ás 14.30 horas cun xantar no Río Ladra, ás 17.00 horas haberá un recital en Penas de Rodas, seguido dun prego no cemiterio de Outeiro de Rei. Para rematar haberá un rito compartido no Campo de Santa Isabel.

## O Cenima de Foz acolle a mostra 'Somos mar'



A Sociedade Cultural A Rula de Foz presentou a exposición Somos mar no Cenima de Foz. Unha mostra que mergulla aos visitantes no pasado mariñeiro da vila desde a emoción do relato da memoria colectiva do pobo, representada en cada unha das pezas recollidas. É unha homenaxe a todas as mulleres e homes que fixeron do mar o seu sustento.

Tanto a asociación como o desenvolvemento desta mostra nacen "da teima e o esforzo de Salustiano Alonso e Salustiano Niño, que foron os responsables de ir xuntando aos poucos e ó longo dos anos o groso da colección", din dende A Rula.

A exposición é o punto de arranque co que a Sociedade Cultural A Rula, nacida no 2020, pretende botar a andar a súa folga de ruta para a recuperación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial dun pasado vencellado co mar, que se atopa nun punto crítico. "É por isto que queremos manifestar o noso agradecemento a todas e cada unha das persoas que colaboraron coa asociación na consecución deste proxecto, tanto na cesión de pezas e información sobre as mesmas, na axuda en traballos de recuperación, elaboración de materiais e un sinfín de suma de esforzos sen as que non tería sido posible chegar a bo porto", engaden.

## Foz celebrará a finais de mes o Día da Bicicleta



O Concello de Foz organiza un ano máis o Día da Bici, que se celebrará o domingo 24 de setembro. Unha cita moi agardada por pequenos e maiores, que a converte nunha actividade familiar na que compartimos unha marcha polas praias.

A saída será ás 11.30 horas desde o parque infantil de tráfico, lugar tamén do regreso despois de dar un agradable paseo pola zona das praias.

Ao finalizar non faltará o sorteo da bicicleta, de agasallos e dalgunha que outra sorpresa. E como non, a entrega de premios, sempre disputada: mellor disfraz, bici mellor engalanada,

máis novo e máis veterano.

A inscrición será solidaria, aportando 1kg de produtos para o Banco de Alimentos. Agora mesmo o que máis falta fai son leite, aceite, cacao, conservas, tomate frito e artigos de hixiene e limpeza. Ademais é obrigatoria e poderá realizarse mediante o correo electrónico: bici@concellodefoz.es ou a través dos perfís do Concello nas redes sociais (Facebook, Twitter e Instagram). Tan só deberán remitirse os seguintes datos ata o 23 de setembro: nome e apelidos, data de nacemento e teléfono. Será tamén obrigatorio o uso do casco.

## O Concello terá que substituír os filtros na potabilizadora de auga para mellorar a calidade

O concello de Foz tivo que reactivar a recomendación de non usar auga da traída para beber ou cociñar por mor dos resultados das analíticas.

Dende o Concello informaron por segunda vez, a finais de agosto, que os "valores de trihalometanos amosáronse lixeiramente por encima dos 100 µg/L permitidos, polo que a Consellería de Sanidade demandounos reactivar a recomendación de non utilizar a auga da traída para beber ou cociñar en Foz, agás en Cordido, parroquia que non está afectada por ter unha traída independente".

Segundo manifestan os técnicos, existen dous condicionantes evidentes que están a prexudicar o proceso de potabilización: a ausencia de choivas, que diminuíu moito o caudal no Ouro, e o elevado consumo deste verán, con máis visitantes ca nunca.

O alcalde, Fran Cajoto, indica que "isto supón un reto que hai que afrontar, xa que temos a obriga de garantir a mellor calidade de auga para todos os veciños. Por iso, ade-

mais de planificar unha mellora na potabilizadora a medio prazo que debe ser profunda, continúan adoptándose medidas para atallar os parámetros que están fóra de rango: estamos traballando xa na mellora da dosificación do peróxido de hidróxeno para que sexa máis efectivo. Os técnicos trasládannos que a substitución dos filtros debe mellorar tamén os valores de trihalometanos, polo que se vai investir unha cantidade importante con celeridade para levar a cabo esta mellora".

O rexedor engadiu que seguen "traballando e facendo analíticas de forma continua para garantir unha calidade de auga correcta. Todos temos dereito a aportar e traballar por mellorar o noso pobo: o meu teléfono e o dos técnicos da empresa concessionaria Gestagua están dispoñibles para resolver calquera dúbida".

O Concello continuará informando puntualmente a través das redes sociais municipais, páxina web, radio e medios escritos dos cambios e avances desta situación.

## 130 pescadores participaron no Open de pesca da Ribeira de Foz



A asociación A Ribeira de Foz organizou a nova edición do seu Open de pesca dende embarcación, e que este chegaba a súa quinta edición. Esta cita ía celebrarse o vindeiro 13 de agosto malia por mor do mal tempo e as condicións climatolóxicas adversas tivo que adiarse ao martes 15.

Nesta xornada participaron 38 embarcacións cuns 130 pescadores deportivos a bordo.

Así os gañadores foron, na 1ª em-

barcación, Esguila 2 co seu patrón Luis Burundarena, a segunda embarcación premiada foi Izar con Javier Sánchez ao mando, e a terceira foi Mangueiro con Ricardo García á cabeza.

O premio do peixe máis grande capturado foi para a embarcación Beatriz dirixida por Manilas.

O premio Lobo de mar, é dicir, o participante máis veterano, recaeu en Salustiano Escalera de 89 anos; o premio A Pesquina, á

muller mellor pescadora do concurso, foi para Sabela Arias Sante, e o Lobiño de mar, pescador máis novo do concurso, levouno Mateo Vázquez de tan só 4 anos.

Xa por último a mellor fotografía do certame foi para Aitor Fernández.

Despois de varias horas de pesca, as capturas foron expostas ante o numeroso público que se concentrou nas inmediacións da lonxa da confraría.



## O Concello de Foz prepara unha ampla programación teatral para este semestre

O Concello de Foz prepara unha ampla programación teatral para este semestre do ano e no que aínda faltan actividades por confirmar.

Así, o sábado 14 de setembro haberá teatro escolar a cargo do elenco artístico Imma Antonio e o seu espectáculo *Feirantes*, unha obra baseada nas narracións de Álvaro Cunqueiro recollidas no seu libro *Os outros feirantes*.

Xa en outubro e na Sala Bahía, Ibuprofeno Teatro deleitará ao público coa súa obra *Smoke on the water* o venres 20 ás 20.30 horas; o martes 24 e Día Internacional das bibliotecas, os pequenos poderán desfrutar ás 18.30 horas na casa da cultura de *Vacacións no mar* de Mircromina, un espectáculo de monicreques. O xoves 26 ás 20.30 horas será a quenda de *O Auto do Castro Mil* de Producións Teatrais Excéntricas.

O cine en galego tamén estará presente os venres de setembro na casa da cultura ás 20.30 horas, así o día 15 será a proxección de *Matria*, o 22 *As Bestas* e o 29 *O corpo Abeto*.



**ENTROIDO.** A Asociación O noso Foz informou que xa está aberto o prazo de inscrición para a elección de quen será o novo rei ou raíña do Entroido de Foz 2024. “Despois deste intenso verán chegou a hora de despedir agosto e darlle a benvida á mellor época do ano, o Entroido”, din dende o colectivo.

O único requisito é ter máis de 18 anos e anotarse antes do 15 de setembro. Para inscribirse hai que escribir ao correo electrónico [onosofoz@gmail.com](mailto:onosofoz@gmail.com) cos datos persoais e dúas ou máis fotografías recentes. A elección terá lugar o 14 de outubro nun acto público do que darán máis información nos próximos días.

## Acia Foz CCA sorteará 1.000 euros en vales coa Volta ao Cole



Acia Foz CCA sorteará 1.000 euros en vales de compra coa súa campaña de Volta ao Cole. Será o 21 de setembro. Na presentación participaron o alcalde, Fran Cajoto, a concelleira de Comercio, Kathy Alonso, e o presidente da asociación focense, José Carlos Paleo.

Todas aquelas persoas que realicen as súas compras no comercio asociado ata o 16 de setembro entrarán no sorteo de 1.000 euros en vales de compra, repartidos en cinco premios de 100 euros e dez premios de 50 euros. Os gañadores dos vales coñeceranse no

sorteo que terá lugar o 21 de setembro a través de RadioFoz.

Desde Acia Foz CCA o seu presidente, José Carlos Paleo, subliña que “no comercio de Foz podemos atopar todo o necesario para a volta ao cole: moda, calzado, material escolar, roupa deportiva, uniformes... así como todos artigos da nova tempada outono-inverno para toda a familia, que xa nestes días podemos ver en moitos escaparates”.

Acia Foz CCA organiza a campaña de Volta ao Cole coa que colaboran a Xunta de Galicia e o Concello de Foz.

### EN BREVE

**FAZOURO.** A parroquia focega prepara para o domingo 17 de setembro a súa tradicional Romaría San Campio, unha festa campestre que enche a contorna da igrexa de merendas. A xornada comezará ás 11.00 horas coa misa solemne e despois ás 13.00 horas será a acollida ás autoridades e romeiros. Máis tarde será o xantar na carpa instalada no campo. Os romeiros levan acudindo ás festas de San Campio desde 1819 para pedir protección contra o mal de ollo, e para “tomar ao santo”, que consiste en realizar as súas pregarías ao santo mentres os romeus fregan as súas mans contra as pernas da imaxe.

**ITV.** A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará en Foz o 24 de outubro. A estación itinerante estará na área recreativa de Ferreira Vella en San Martiño en horario de de 9.00 a 13.30 horas e poderase pedir cita previa dende o 24 de setembro. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com). A organización lembra que no se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.



Asociación GDR 1  
**Terras de Miranda.**  
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

**O GDR TERRAS DE MIRANDA IMPULSA A SOSTIBILIDADE E A DIXITALIZACIÓN EN EMPRESAS LOCAIS A TRAVÉS DUN PROXECTO INNOVADOR DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL**



**O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) 1 Terras de Miranda impulsa, a través do programa Leader e coa colaboración de AGADER, o seu compromiso coa promoción da sustentabilidade e a dixitalización na rexión da Mariña Lucense a través dun proxecto innovador que ten como obxectivo asesorar e apoiar activamente a 15 empresas locais de diversas industrias. Esta iniciativa busca non só impulsar o desenvolvemento empresarial, senón tamén fomentar prácticas respectuosas co medio ambiente e a implementación efectiva de solucións dixitais.**

O asesoramento ofrecido a estas empresas divídese en dous compoñentes esenciais como son a **sustentabilidade e a dixitalización**. En sustentabilidade, realízase un análise exhaustivo das prácticas empresariais actuais en termos do seu impacto ambiental e o seu potencial para a construción de produtos ecoturísticos e no ámbito da dixitalización, as empresas reciben orientación sobre cómo aproveitar as tecnoloxías emerxentes para impulsar as súas operacións e atraer a un público máis amplo.

Os próximos pasos inclúen a celebración de sesións en liña para promover a sinerxias entre as empresas participantes. Ademais, téñense previstas presentacións de casos de éxito que resaltarán exemplos concretos de cómo a implementación efectiva de estratexias sostibles e tecnoloxías dixitais pode xerar resultados positivos e duradeiros.

O GDR Terras de Miranda está a dar pasos audaces cara a un futuro onde a sustentabilidade e a dixitalización se convirten en pilares fundamentais para o desenvolvemento empresarial.



## A I Xuntanza Coches Clásicos Viveiro será o vindeiro sábado 16 de setembro

Os afeccionados aos coches clásicos teñen unha nova cita o vindeiro 16 de setembro no aparcamento do pavillón municipal de Viveiro.

Alí terá lugar a I Xuntanza de Coches Clásicos Viveiro que organizan o Concello en colaboración con Tuille e o Club Clásicos Viveiro.

A reunión mecánica comezará ás 10.00 horas coa recepción de coches e ás 11.30 será o paseo turístico que rematará ás 13.30 coa sesión vermú.

Xa ao mediodía, haberá un xantar que ten un prezo de 30 euros socios e 20 nenos de 5 a 15 anos.

As reservas poderán facerse ata o 10 de setembro chamando ao 650 652 073 ou 660 108



438. Pola tarde haberá xamón cocido e chourizos gratis ademais de moitas sorpresas para os asistentes.

## Loureiro reitera poder executar as obras na rúa Porto de Celeiro

O Goberno local reitera a Portos de Galicia a solicitude feita no mes de marzo para que a administración autonómica autorice as obras de humanización na rúa Porto de Celeiro.

Nun escrito remitido a Portos de Galicia, organismo dependente da Xunta, a alcaldesa María Loureiro expón que o proxecto de pavimentación e servizos desta rúa inclúe unha actuación na zona portuaria. Por iso, para executar as obras, é necesario contar coa dispoñibilidade dos terreos titularidade desa entidade, sendo preciso, polo tanto, asinar un convenio entre o Concello de Viveiro e Portos de Galicia. “O Concello de Viveiro remitiu a solicitude para formalizar este convenio ou o documento que corresponda o 8 de marzo, para ter así autorización de Portos de Galicia para realizar as obras. A día de



hoxe seguimos esperando a que Portos de Galicia nos envíe o documento”, sinala Loureiro.

O proxecto abarca unha zona moi ampla entre o tramo dende a Praza do Náufrago ata a Casa do Gardapeiraos. Neste sentido, o Goberno local logrou o apoio da Deputación de Lugo, que aportará a este proxecto un total de 544.000 euros. O Concello de Viveiro asumirá

o importe restante do proxecto.

“Xa contamos co financiamento necesario para a obra, pero estamos esperando dende o mes de marzo pola autorización de Portos de Galicia. Esta obra é imprescindible para mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas de Celeiro, que manterá a esencia mariñeira da zona e renovará os servizos da área”, engade a rexedora.

## Viveiro pechou o mes de agosto cunha gran afluencia turística

O Concello deixa atrás un mes de agosto cunhas cifras turísticas espectaculares, reflectidas na ocupación hoteleira, as visitas á Oficina de Turismo e o impacto no sector servizos.

“A aposta de promoción turística dos últimos anos da os seus froitos, cunha cifras de visitantes moi elevadas”, explica a alcaldesa, María Loureiro, que destaca tamén que “xullo comezou co Resurrection Fest e despois celebramos o Mercado Renacentista, o que impulsou a ocupación. Despois chegou agosto e seguiu manténdose”.

“A miña experiencia neste anos no Concello é que cada ano vamos mellorando o que fai que agosto sempre sexa un bo mes para toda a comarca”, di Marisol Rey, concelleira de Turismo, “aínda falta por confirmar cos aloxamentos pero eu creo que superamos con creces o esperado”.

A Oficina de Turismo recibiu en xullo a 4.415 persoas, 4.014 de España e 401 estranxeiras. Hai que ter en conta que coa posta en marcha por parte do concello de ferramentas dixitais de información a través da APP e o QR, hai moitos visitantes que xa non necesitan pasar pola oficina.

“As visitas guiadas foron un gran éxito, cun mínimo de 30 persoas en cada unha delas e moita demanda”, engade Marisol Rey.

## En marcha un teléfono de atención para o servizo de recollida do lixo e limpeza



O Goberno viveirés pon en marcha novas medidas para mellorar a recollida de lixo e a limpeza viaria, solicitando a colaboración veciñal para acadar un servizo máis eficiente.

“Poñemos á disposición dos veciños un teléfono de atención á cidadanía do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, o mesmo que para solicitar a recollida de enseres, o 697 162 637, que atende chamadas e whatsapp”, anuncia a tenente de alcaldesa de Viveiro, Míriam Bermúdez.

“En breve anunciaremos tamén unha nova app de incidencias e unha oficina de atención ao cidadán. Estamos traballando para a posta en marcha de novas melloras, tanto na recollida de lixo, como o punto limpo e a través de

novas campañas de concienciación para un servizo máis eficiente e moderno”, engade.

Bermúdez solicita a colaboración da veciñanza para que depositen o lixo á última hora da tarde coas bolsas ben pechadas, que non depositen residuos fora dos colectores e que estes permanezan pechados. “O servizo está traballando para substituír os colectores por outros limpos e baldeando as ubicacións dos mesmos. O aumento significativo da poboación debido á gran afluencia turística e aos actos festivos, xeran un aumento importante do volume de lixo, que xunto coas altas temperaturas provocan que o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria aumente o número de avisos e incidencias pese aos reforzos estivais”, engade.

## Por Viveiro pide que se muden de sitio os aseos portátiles dos xardíns Noriega Varela

Por Viveiro presentará un rogo no Pleno municipal sobre os aseos portátiles dos xardíns Noriega Varela instalados a primeiros do verán.

“Entendemos a decisión nunha tempada na que a poboación de Viveiro se incrementa considerablemente pola moita afluencia de persoas que teñen o noso concello como destino de vacacións e que deben ser atendidas debidamente, aínda que non consideramos idónea a súa ubicación”, di Manuel

Galdo Dopico, concelleiro do Grupo Municipal de Por Viveiro.

“Non parece de recibo que, estes aseos portátiles se instalen en pleno paseo de fachada da rúa, dando unha imaxe moi deficiente de toda a contorna. Un concello coma o de Viveiro, declarado de excelencia turística, debe ser máis coidadoso con este tipo de decisións, e buscar ubicacións máis axeitadas e de menor impacto”, engade.

Así, piden que se reubiquen nun lugar “máis axeitados”.

## Dúas alumnas incorporáronse á área de Servizos Sociais e á recepción do Concello de Viveiro

María Loureiro recibiu a dúas novas alumnas en prácticas, Paula e Marta, que se incorporaron á área de Servizos Sociais e na recepción do Concello respectivamente.

Paula e Marta realizarán as súas prácticas formativas no Concello como parte do convenio asinado polo propio Concello de Viveiro e a Asociación Síndrome de Down Lugo.



# Avanzan as actuacións para o saneamento da ría de Viveiro

A Xunta avanza que as actuacións proxectadas para o saneamento da ría de Viveiro e do núcleo de Celeiro estarán rematadas este verán, logo dun investimento autonómico de case 8 millóns de euros.

A conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, lembrou a importancia da calidade das augas para o medio ambiente e para a calidade de vida dos veciños, ademais de para as actividades económicas como o turismo e, sobre todo, a pesca e o marisqueo.

Lembrou que o núcleo de Celeiro ten unha rede de saneamento municipal unitaria na que se mesturan as augas residuais domésticas coas industriais e as pluviais e son vertidas á ría sen pasar pola depuradora, recibindo só un pretratamento. Así, as augas tratadas na depuradora mestúranse coas augas só pretratadas de Celeiro e chegan ao mar en condicións biolóxicas me-

llorables.

Para solucionar esa situación, a Xunta deseñou dúas actuacións, a primeira das cales, consistente na mellora e ampliación da depuradora, está xa rematada e en servizo desde hai varios meses. Ethel Vázquez explicou que esa intervención, á que o Goberno galego destinou 4 millóns de euros, permitiu optimizar a planta e incrementar nun 50% a súa capacidade, de forma que, ademais de tratar as augas de Viveiro, poida asumir tamén a depuración das procedentes do núcleo de Celeiro.

Para conseguir o obxectivo final, de incorporar esas augas residuais de Celeiro ao tratamento completo na depuradora, a Xunta deseñou unha segunda actuación, que supuxo tamén o investimento de case 4 millóns de euros.

A conselleira explicou que as obras do saneamento de Celeiro e de

mellora da condución de vertido submarina da depuradora de Viveiro requiriron dunha tramitación moito máis longa e complexa, debido ás dificultades atopadas para obter a autorización da Dirección Xeral da Costa á execución do novo emisario.

Destacou que, pola información que achegan os responsables das obras, a previsión é que o conxunto dos traballos poida estar completamente finalizado en setembro, polo que considerou unha boa nova que o saneamento da ría de Viveiro e do núcleo de Celeiro poida culminar este verán grazas a un investimento da Xunta de case 8 millóns de euros.

As actuacións de saneamento da ría de Viveiro e do núcleo de Celeiro están cofinanciadas con fondos europeos do programa operativo Feder 2014-2020.

## Viveiro sumouse un ano máis á iniciativa Vacacións en Paz



Viveiro sumouse este ano de novo á iniciativa Vacacións en Paz, o proxecto de acollida temporal de nenos e nenas saharauís durante os meses de xullo e agosto.

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e a concelleira de Benestar Social, Lara Fernández Fernández-Noriega, recibiron no concello ás dúas nenas e o neno saharauí, aos que agasallaron con material escolar e didáctico. “Dende o goberno local levamos moito tempo comprometidos con este proxecto. Cremos que a solidariedade e a cooperación son parte das nosas responsabilidades, ao tempo que vemos nesta iniciativa unha oportuni-

dade tamén para achegarnos e aprender de culturas diferentes”, subliña a alcaldesa, María Loureiro García.

En concreto, Viveiro forma parte desde 1996 desta iniciativa solidaria que permite ás familias saharauís a posibilidade de que as súas fillas e fillos gocen dunha estancia agradable, humana e culturalmente rica, baixo a supervisión e os coidados das familias acolledoras da vila.

“Trátase dunha experiencia de convivencia única e tremendamente enriquecedora, tanto para os nenos acollidos, como para as familias que os acollen”, engade Lara Fernández Fernández-Noriega.

# Sanidade urxe ao Concello a tomar medidas na praia de Celeiro

A Consellería de Sanidade urxe de novo o Concello de Viveiro a que tome as medidas oportunas para mellorar a calidade da auga na praia de Celeiro e así volver ser incluída no Programa de vixilancia sanitaria de zonas de baño.

A pesar de que a Xunta lle advertiu ao goberno local no mes de febreiro que nas últimas tres temporadas de baño a calidade da auga fora insuficiente, o Concello non actuou para reverter a situación.

Tendo en conta que o control sanitario do medio natural é competencia da administración local, é o Concello quen debe dar as explicacións oportunas da orixe ou orixes da contaminación das augas. Por responsabilidade e obriga legal, o Concello debe tomar as medidas oportunas para comunicar á poboación que debe



absterse do baño, establecer actuacións para determinar as causas polas que a auga non acadara a clasificación suficiente e prever a redución ou eliminación destas causas. En canto o Concello acredite a realización de actuacións que melloran a calidade da auga, poderá solicitar a súa inclusión na sección II do Rexistro de Augas de Baño de Galicia.

**ANALÍTICAS.** O Concello anunciou que a terceira das analíticas realizadas nas últimas 3 semanas confirma de novo a súa aptitude para o baño.

Dende o Concello sinalan que “o 23 de agosto solicitouse de novo a inclusión no programa de vixilancia sanitaria. Así que confiamos en que esta situación se resolva o antes posible”, engaden.

## O poeta viveirense Carlos Oroza é o protagonista dunha exposición ao aire libre

O Concello mantén vivo o recordo dun dos seus veciños máis ilustres, o poeta Carlos Oroza, que é o protagonista dunha exposición ao aire libre nos Xardíns Noriega Varela.

O viveirense é un poeta adscrito á xeración beat, de inspiración rebelde e contracultural, recoñecido polos seus excelentes recitais. Era un mestre no arte da poesía oral e un referente que impresionaba pola súa forza e a viveza da súa voz.

Aínda que marchou moi novo de Viveiro cara a Madrid e residiu a

maior parte da súa vida en Vigo, Oroza deixou pegada na súa vila natal e agora os veciños e veciñas poderán achegarse á súa figura.

“Estamos moi orgullosos de contribuir a por en valor a obra dun dos referentes da poesía oral no noso país. Viveiro é berce de moitos grandes nomes da nosa literatura e dende o Concello estamos moi satisfeitos de dar a coñecer o seu legado”, afirma a alcaldesa de Viveiro María Loureiro.

A mostra conta con seis cubos con imaxes e textos que fan un percorrido pola súa vida e a súa obra.



¿Tú también tienes el carné de ministro? ¡Si es que hoy en día lo puede tener cualquiera!

Recibirás una copia por mail para que lo lleves siempre contigo. Sino, podrás solicitarlo y disfrutar de 5 cénts/l. de descuento en carburante cuando vengas a darte un capricho.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegal Oil

## O Concello destina 80.000 euros para a nova edición da Pancha, a moeda local

O Concello destina 80.000 euros á nova edición da Pancha, a moeda local ribadense. O alcalde, Dani Vega, subliñou o apoio ao comercio con esta importante inxección económica.

O rexedor explicou que “imos seguir facendo promoción do comercio e imos investir 80.000 euros. Creio que é unha inxección e un respaldo moi importante. Dende logo, nós imos seguir apostando polo noso comercio local”.

Dani Vega indicou “a Pancha é esa moeda local e creio que debemos promocionala. Este goberno no que está traballar é en investir e xestionar. Dentro deses 80.000 euros, en primeiro lugar aprobámoslos nós con fondos propios e agora o que faremos é xestionar unha subvención tamén dende a Xunta de Galicia para que nos

apoe e así non ter que poñer todo con fondos propios. Inversión, xestión, ... é o que estamos a facer”.

O alcalde contou que “tamén aprobamos unha cantidade importante e orzamentaria para pagar facturas. É verdade que todas son do anterior goberno, pero nós agora somos o goberno e a responsabilidade orzamentaria tamén nos di que debemos pagar esas facturas porque é a nosa obriga”.

Vega cre que “estamos traballando nunha boa liña, creio que estamos escoitando como onte fixemos no pleno á oposición, recollendo as súas propostas, e entre todos xestionar e traballar en beneficio de Ribadeo”.

Os festivos de 2024 en Ribadeo serán o martes de Entroido e o día de San Roque.

## O Concello incentivará a contratación de alumnas do obradoiro Vilas Coidadoras

O Concello de Ribadeo incentivará ás empresas que contraten ás alumnas do obradoiro dual Vilas Coidadoras, segundo anunciaron o alcalde, Dani Vega, e a concelleira de Promoción Económica, Marta Saiz.

O rexedor manifestou: “sempre dixemos que Ribadeo necesita empresa e tamén sempre dixemos que a través da formación é onde se garante un emprego de calidade. Por iso, dende o Concello imos incentivar ás empresas que están interesadas en formar e en crear emprego. Son unhas axudas, que chegarán a 1.500 euros para contratar aos alumnos dos obradoiros de vilas coidadoras”.

Dani Vega sinalou que “dende a Concellería Promoción Económica e Iniciativa Empresarial están a desenvolver toda unha ampla información para que as empresas se poidan inscribir e poidan contratar e o que é máis



importante, xerar emprego”.

Marta Saiz, a concelleira de Promoción Económica, explicou que “as empresas interesadas recibirán unha axuda de 1.500 euros por cada contratación que realicen nas ocupacións ou postos de traballo vinculados ás especialidades nas que se formaron as alumnas: atención socio-sanitaria, persoas dependentes en institucións sociais,

dinamización, programación e desenvolvemento de actuacións culturais”.

A edil seguiu a relatar que “as contratacións deberán ser a xornada completa por un período mínimo de 3 meses e terán que formalizarse nos quince días seguintes á conclusión do Obradoiro Dual, que está previsto que remate o vindeiro 18 de setembro”.

Marta Saiz subliñou que “se trata dunha oportunidade para as alumnas que rematen a formación que recibiron ao longo de doce meses e permitiralles incorporarse ao mercado laboral así tamén como para as empresas que desexen acollerse a este programa. As bases da convocatoria están dispoñibles no taboleiro de anuncios do Concello de Ribadeo. Para máis información, poden tamén contactar coa Área de Promoción Económica”.

## O BNG ribadense di que “o Goberno local dilapida os remanentes”

O BNG de Ribadeo lamenta que “o actual Goberno municipal se negue a ver a evidencia: a pesar do moito e mal que gastan, Ribadeo non está limpo como debería”.

“Gobernar non consiste en estar constantemente mirando cara a atrás e proclamar aos catro ventos que o facemos mellor porque lle poñemos moi boa vontade. Gobernar non consiste en apelar a que, como gañaron as eleccións, o que se di vai á misa, e o que di a oposición non serve para nada. Por certo, o refrán di: non hai peor cego que o que non quere ver”, din os nacionalistas ribadenses, “e semella que ao Goberno municipal do PP lle parece que vai conseguir que non vexamos, nin ulamos, os colectores ao longo destes días de verán. Ou que a xente nas parroquias vexa como chegado o día da festa, non desbrozaron na súa parroquia”.

O goberno municipal do PP segue “envolto no seu bucle de reafirmarse na súa vitoria electoral e pensar que por iso xa ten toda a razón do mundo. E cre que vai poder dilapidar todos os remanentes ao chou”, rematan dicindo.



**VIAXE A CUBA.** A ribadense Sonia Fernández Amor, afortunada coa viaxe a Cuba sorteada no marco do VIII Ribadeo Indiano, atópase disfrutando do seu agasallo na illa caribeña. Desde Acisa o xerente, Jesús Pérez, conta que “Sonia Fernández e a súa parella atópanse en Cuba desde o pasado 23 de agosto e retornarán a Ribadeo o día 30 deste mes.”

## Ribadeo traballa xunto co CIM no IV Plan de Igualdade

O Concello, a través do CIM, iniciou un proceso de estudo e recompilación de datos en colaboración con Coeduc@, consultora de coeducación, co obxectivo de desenvolver o IV Plan de Igualdade para Ribadeo. Esta iniciativa representa un paso significativo no compromiso continuo do Concello para promover a igualdade de xénero debido a que é consciente da necesidade de implementar medidas concretas para abordar esta problemática.

A concelleira de Igualdade, Begoña Sanjurjo, explicou que “estamos a

traballar para que este IV Plan de Igualdade sexa froito do consenso porque a igualdade é unha responsabilidade compartida”.

A edil manifestou “o enfoque interseccional que estamos a adoptar, permitíranos abordar as complexidades da discriminación e a desigualdade desde unha perspectiva máis completa. O noso obxectivo é que ninguén quede atrás, que todas as voces sexan escoitadas e que as accións implementadas sexan verdadeiramente transformadoras”.

## O Concello quiere reabrir a Casa da Ría



O Concello traballa para reabrir a Casa da Ría, segundo deu a coñecer o alcalde, Dani Vega. Tamén nos últimos días foron realizados traballos de poda e desbroce en toda a área recreativa de Santa Cruz.

Dani Vega anunciou que “imos traballar para volver abrir a Casa da Ría, poñendo en valor todo ese patrimonio natural que é, onde queremos empezar a facer actividades de observacións astronómicas e destacar todo ese legado pedagógico que ten esa instalación sobre a nosa Ría de Ribadeo”.

E engadiu: “polo tanto, un espazo que estaba abandonado poñémolo en valor. Imos seguir conservándoo e a noticia non pode

ser o abandono senón que hoxe todos os veciños e visitantes que acudan ao Monte de Santa Cruz poden ter un entorno idílico e coidado como é este espazo natural”. Vega indicou que “a través de Seaga o que fixemos nestes momentos foi unha poda xeneralizada de toda a área. Tamén desbroce, é dicir limpeza de todo o espazo natural. Dende logo o que imos seguir é actuando. Nesta segunda fase actuaremos tamén no miradoiro. Imos limpar e conservar. Tamén actuaremos no entorno da capela, da cruz e do gaitero e do mesmo modo no palco para que os grupos musicais poidan actuar neste palco de pedra tan fermoso”.

# “Seremos centro mentor das Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo”

**Manel Yáñez é o coordinador de proxectos europeos do IES Dionisio Gamallo**

O IES Ribadeo Dionisio Gamallo é un dos tres centros educativos galegos que son Escolas Mentoras, e un dos 51 de toda España. Manel Yáñez Dablanca é o profesor de Filosofía e o coordinador de proxectos europeos do IES Ribadeo Dionisio Gamallo.

## Como é o IES Ribadeo Dionisio Gamallo?

O noso centro foi creado en 1955 e foi o segundo da provincia. O que somos hoxe é o produto da fusión en 2012 co instituto de Formación Profesional que existe na vila dende os anos 80. Somos un pequeno centro con menos de 500 alumnos, e tamén impartimos clases para adultos en réxime de educación semipresencial. O claustro está composto dun total de 55 profesores. Creemos que a mocidade debe ser protagonista dun mundo mellor, e entendemos a educación pública como un servizo á comunidade que debe potenciar os valores persoais e académicos do alumnado e compensar as desigualdades sociais, económicas e culturais.

## Con que programas conta?

Os distintos departamentos planifican de forma independente as actividades a comezo de curso e envían dita planificación á Dirección do centro. Hai unha proposta de actividades desde a Consellería de Educación que engloba diversas facetas baixo o concepto Plan Proxecta, que conta con 45 propostas de todo tipo de temática, desde a alimentación saudable, o deporte, a igualdade.

## Tamén fan actividades ou programas europeos.

Si, estes supuxeron nos últimos tempos un reto importante e sobre o que descargamos unha parte importante dos nosos obxectivos. A partires do 2009 realizamos intercambios con Italia, Noruega e Alemaña. No ano 2015 conseguimos o noso primeiro proxecto Erasmus+ para formación do profesorado ‘Abrimos portas a Europa: las buenas prácticas y las nuevas metodologías como futuro de nuestra educación’, que posibilitou a formación de varios profesores en Italia e Reino Unido. Durante o curso 2016-2017 o centro, a través do departamento de Filosofía, participa no proxecto europeo KA3 ‘Avaliación de Competencias Transversais 2020 (ATS2020)’, un

proxecto de experimentación, co-financiado pola Comisión Europea e no que participaron 17 socios de 11 países da UE, maioritariamente administracións educativas e ministerios de educación. No 2019 rematamos o ERASMUS+ KA229, intercambios school to school, ‘El valor de la ciudadanía: la educación como fundamento del futuro en Europa’, realizado co profesorado e alumnado do Karl von Frisch Gymnasium de Dusslingen de Alemaña cos que actualmente mantemos dito intercambio.

## Con que obxectivos conta toda esta educación europea?

Unha das liñas educativas do centro é a internacionalización,



abrir as nosas portas a Europa, coñecer outros sistemas educativos, saber as posibilidades que podemos ter de continuar estudos en calquera outro país europeo e estar en disposición de facelo. Romper un pouco coa tendencia das noticias falsas da nosa aparente baixa de nivel en relación o resto de nacións. Situar ao noso alumnado en igualdade de condicións educativas que o resto de alumnado europeo.

## Que opinan os rapaces?

A posibilidade de coñecer outros lugares e outras persoas é un aliciente que engade atractivo ao desenvolvemento normal das clases. Supón un esforzo a maiores para o alumnado pero xeralmente é aceptado positivamente. Ter opción ao longo da súa etapa no instituto de estar en contacto con países distintos e compartir tempo e actividades con outro alumnado supón un complemento fundamental na súa aprendizaxe.

## Eles propoñen iniciativas?

Eles aceptan as propostas e

fan o traballo correspondente. Algunhas veces son eles quen deciden en que participar ou non, pero a maior parte das veces a súa participación obedece a propostas concretas por parte dos mestres ou da dirección do centro. As familias realmente son as que levan o peso na decisión destas propostas e son tamén as que soportan as circunstancias ineludibles que conlevan estes programas.

## Son embaixadores do Parlamento Europeo, que significa isto?

Pertencer ao grupo de Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo serve para estimular o coñecemento de Europa e da democracia parlamenta-

ria europea entre o alumnado, proporcionándolles un coñecemento activo da Unión Europea e, en particular, do Parlamento Europeo. Non se trata só de ensinar feitos sobre a Unión Europea, senón tamén de darlles a oportunidade de experimentar



a cidadanía europea. Somos 6 institutos en Galicia dun total de 117 de España. Ademais este ano seremos centro mentor das Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo, un recoñecemento ao traballo realizado e un novo espazo de traballo e responsabilidade para toda a comunidade educativa.

## Teñen apoio institucional ou dalgunha entidade?

As actividades europeas que desenvolvemos no centro teñen o referente en proxectos ou programas que dependen directamente da UE ou de institucións subsidiarias: Modelo de Parlamento Europeo, Escolas Embaixadoras, INGALICIA...), e os apoios que comparten son fundamentalmente de docencia (obradoiros, charlas,...) ou de aportación de material específico (EUROEdirect LUGO, ou Coruña); tamén realizan un papel de intermediarios cando centros europeos queren poñerse en contacto con centros que teñen este perfil de externalización. As actividades e programas, no caso de ser específicos para o ensino contan co apoio institucional (Plans de Biblioteca, e os xa mencionados

Proxecta,...).

## Que necesidades teñen os alumnos?

Os tempos están cambiando e a escola debe cambiar tamén... Seguimos traballando con esquemas institucionais que deben evolucionar da mesma forma que a sociedade evoluciona. Non podemos continuar con metodoloxías decimonónicas, nin con esquemas de avaliación limitados á memorización... Debemos educar ao noso alumnado para que consiga rendabilizar as vantaxes da tecnoloxía e aplicalas á vida docente e tamén ao ámbito social. O alumnado debe ser capaz de expresarse con corrección e con contidos. A cultura non só se reduce a máquinas, senón que hai que aprender a utilizalas, incluso aprender a convivir con elas. Aquí está hoxe en día o talón de Aquiles do ensino: temos os medios, temos os recursos, pero debemos adaptar a nosa conciencia de traballo a unha nova forma de aprendizaxe. E isto abrangue non só ao alumnado senón tamén ao profesorado, ás familias e ás instancias superiores, que son as que delimitan e marcan os contidos e os tempos de ensino.

**MAQUINARIA AGRÍCOLA, INDUSTRIAL, FORESTAL Y JARDÍN**

**Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

Camión Real, 125. 27004 Lugo - Telf: 982 21 57 31 - Móvil: 698 17 91 81

## Clausuradas as actividades de verán do Museo do Mar



O deputado Daniel García participou na xornada de clausura das actividades de verán organizadas polo Museo do Mar de San Cibrao e nas que participaron máis de 430 nenas e nenos entre os 4 e os 14 anos nos dous últimos meses.

Neste período, o museo provincial ofreceu 16 obradoiros e actividades didácticas ao redor do patrimonio do museo e da cultura mariñeira, así como talleres creativos nos que a rapazada creou un mural con materiais de refugallo co artista Martín Lestao. Daniel García valorou a labor desenvolvida polo Museo do Mar de San Cibrao onde, destacou, se compatibilizan as funcións de estudo, conservación e ex-

posición do patrimonio, coa divulgación e a apertura á comunidade, tanto durante o verán como o resto do ano, contando especialmente cos máis pequenas e pequenos e coas persoas de máis idade".

Durante a xornada, proxectouse un capítulo da webserie documental *Ronsel de Futuro*, un proxecto da Rede Museística Provincial que amplía a difusión do patrimonio dos museos provinciais e das persoas que forman parte das súas comunidades, dirixido por Rubén Pérez Pombo e Braian Rodríguez Cortiñas. En San Cibrao, estreouse *As mulleres do mar* no que participan as mulleres que son parte do Club Sénior.

## 130 cabalos participaron na I Carreira de Andadura

O Concello de Cervo acolleu a I Carreira de Andadura na pista ecuestre recentemente construída na zona da Bidueira. Na competición participaron 130 cabalos.

Os premios en serrada 1,51 foron para Tatiño de José Luis Formas, Castaña de Ramón Carro, Húngara de Darío Casas, Spitfire de Xavi Paz e Lucero de David Camacho

En chapeada 1,51 Paris de César Rodríguez, Fox de Pedro Pardo, Picassode Marcos Masada, Trebol de David Gradaille e Valenciano de José Ameneiros Os premiados en cabalos do país serrada foron Bocelo2 de Oliver Rodríguez, Marengo de Ricardo Edreira e Chispa de Oliver Rodríguez.

E en cabalos do país chapeada Lucero de Ismael Mouriño, Bayo de Edgar Vergara e Xunco de Lourenz de Carlos Gasalla.

Os premios en serrada de máis de 1,51 os agasallados foron Millao de Jaime Carro, Fester de Avelino Camba, Kenzo de David Camacho, Jus de Christian García e Kiss de Jaime Carro En chapeada de +máis de 1,51 foron Dodi de José Antonio do pico, Jacki de Pedro Pardo, Haiti de Jaime Carro, Caudillo de Adrián González e Perla de Óscar Arrivi

O récord de pista que estivo en 29,76 fíxoo Tatiño de José Luis Forneas.

## O Concello ultima as obras na nova pista de atletismo

O Concello ultima as obras das que serán as únicas pistas homologadas de atletismo da Mariña e que estarán situadas no Complexo Deportivo da Veiga, en San Cibrao. A rexedora, Dolores García Caramés, expresou unha vez máis "a satisfacción enorme" de ver como o noso municipio se vai converter no epicentro do atletismo da Mariña "grazas á optimización dos recursos deportivos existentes".

A alcaldesa explicou, neste sentido, que se veñen de sumar algo máis de 80.000 euros do remanente de tesourería -83.359,04 euros concretamente- ao proxecto de renovación destas instalacións que se están a executar grazas a un convenio de colaboración suscrito entre a administración local e a Xunta de Galicia, a través da secretaria xeral para o Deporte.

Caramés puntualizou que "grazas á xestión rigorosa das arcas municipais e a que temos as contas completamente saneadas" podemos afrontar con solvencia imprevistos que se poden dar con certa frecuencia en obras de envergadura como esta cuxo orzamento inicial estaba cifrado en 560.000 euros.



**PSOE.** Segundo os socialistas de Cervo "como veciños de Cervo e que imos aportar 293.359,04 euros, pedimos que se leve a cabo un plan axeitado de mantemento para esta nova instalación deportiva que garanta o seu coidado e conservación".

Por outra banda piden que desde o Concello, se promova a práctica do Atletismo para que esta instalación sexa aproveitada ó máximo. Así mesmo aproveitaron a sesión plenaria para poñer de manifesto no pleno outras deficiencias da zona deportiva da Veiga que "esperamos sexan reparadas nun futuro próximo como son os vestiarios, gradas e baños públicos".

## O veciño Nardo Martínez conta cunha placa na súa homenaxe

A veciñanza de Cervo celebrou unha sentida homenaxe póstuma ao seu veciño Nardo Martínez. Un día, no que, tal e como precisou a rexedora Dolores García Caramés, "lle devolvemos un anaquiño desa xenerosidade e dedicación ao noso municipio, porque Nardo foi un veciño exemplar sempre comprometido co seu pobo, e tremendamente entregado ao desenvolvemento de Cervo en todas as facetas".

A alcaldesa lle entregou á familia os atributos correspondentes polo seu nomeamento como fillo adoptivo do Concello de Cervo, ante un auditorio cheo de amigos, veciños e familiares de Nardo. Un día no que se viviron momentos certamente emotivos "que quedarán gravados no noso recordo para sempre".

"Nardo foi desde logo un veciño excepcional que soubo aproveitar a súa experiencia vital para compartir con outros o seu tempo e os seus recursos, sen agardar nada a



cambio. Foi desde logo un home dinámico, traballador, unha persoa de notable éxito, que xerou postos de traballo e riqueza no noso concello; revertindo unha parte importante de todo ese éxito profesional no noso pobo, nos veciños e veciñas de Cervo. Persoa autodidacta, emprendedora, constante, con mentalidade avanzada e espírito filantrópico", dixo Caramés.

En representación da asociación

Mulleres de San Ciprián, entrevistou a súa presidenta, Amparo Pernas, que tamén recordou con moito cariño a figura de Nardo nunha prazola ateigada de amigos e veciños, "unha praza que a partir de agora estará presidida por este veciño exemplar, a través dunha placa de bronce gravada altruísticamente por Anxel Cao, e unha placa que está elaborada con bronce fundido procedente do propio taller de Nardo".

## O BNG denunciou ante o Seprona verteduras no río Covo

O BNG de Cervo vén de denuncia ante o Seprona que seguen a producirse verteduras ao río Covo, "desta vez de augas residuais sen depurar na zona do viaducto de río Covo".

"Na estación prodúcese augas estancadas cun cheiro nauseabundo, o mesmo cheiro continuado na auga que sae polo cano", din os nacionalistas cervense, "o curso do río presenta danos ecolóxicos que van parar a desembocadura e en consecuencia a praia do Torno".

Así, dende o BNG reclaman ao equipo de goberno do Concello de Cervo, "solucións de maneira urxente para parar de inmediato este dano medioambiental continuado".

O Concello de Cervo tivo constancia desta denuncia e como procede, técnicos do Concello e efectivos do Seprona desprazáronse ata o lugar e "constataron que non existe ningunha irregularidade que atente contra o medio ambiente nesta contorna".

De feito, "certificaron que a auga estancada no curso do río, está completamente limpa, e procede dunha canalización de alivio da antiga estación de bombeo de auga potable que abastecía antigamente os núcleos de río Covo e San Cibrao, hoxe en desuso, xa que esta zona está fornecida, na actualidade, desde a estación da



Senra", din dende o Concello. Polo tanto é auga captada do encoro de río Covo que regresa directamente ao río por esta canalización.

Desde o Concello de Cervo din que "entendemos, respectamos, e apoiamos que se denunciem todo tipo de accións que atenten contra o medio ambiente, pero entendemos, tamén, que estas acusacións deben estar asentadas sobre unha base fundamental sólida, coa consistencia e o razoamento suficientes para iniciar un proceso como este ante un organismo como o Seprona, para non alarmar gratuitamente á poboación, e xerar falsas informacións que non benefician a ningún".

## Xuances converterase nun plató de rodaxe para a serie Rapa

Xove será durante un par de semanas o lugar de rodaxe da terceira tempada da serie Rapa, da cadea Movistar Plus, e que convertiuse nun éxito.

A serie que é un thriller rural está protagonizada por Javier Cámara e Mónica López, e conta cun amplo abano de actores galegos e moi coñecidos na Crtvg. Rapa está creada e escrita por Pepe Coira e Fran Araújo, e dirixida por Jorge Coira, a ficción gravará en Ceranzos, na parroquia de Xuances, que pertence ao concello de Xove e que conta coas vistas á praia de Esteiro. Este será o escenario principal



dos novos episodios que previsiblemente terán como punto de partida un asasinato, como nas anteriores tempadas.

Será a partir do 13 de setembro cando o equipo de rodaxe se desprace ata Xove e estarán arredor dunhas tres semanas.

## A OMIX prepara as súas actividades de inverno

O Concello de Xove organiza para este último semestre do ano diferentes actividades para nenos e maiores.

Así, para maiores de 60 anos, terán cursos de informática, manexo de móbil, ioga, bordado, bolillos, ximnasia de emantemento, aeróbic e pilates.

Durante outubro, a xuventude poderá celebrar o Samaín co II Reto Challenge Paseando coa Santa Compañía, en novembro será a quenda do conmemoración do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, e en decembro celebraráse o Día do Voluntariado no que se homenaxeará ao equipo

voluntario xuvenil que colaborou durante o proxecto de verán Mañás Activas.

Así mesmo haberá teatro de outono a finais de setembro e previsiblemente os venres e sábado de outubro.

Tamén en outubro será a actividade de concienciación ambiental, Auga Invisible. Esta actividade é para persoas de entre 15 e 35 anos.

A data de inicio destes cursos aínda non está pechada polo que para confirmar os horarios haberá que esperar a que o Concello envíe o díptico a todos os veciños ou poñerse en contacto coa oficina de información xuvenil.

## Portocelo celebrará o 8, 9 e 10 as súas patronais

As festas patronais da parroquia de Portocelo, no Concello de Xove, na honra da Nosa Señora celebráranse os días 8, 9 e 10 de setembro.

O venres 8, ás 21.00 horas terá lugar a Festa do Langostino e do Churrascada que dará paso á 23.00 hora a unha gran festa animada polo Dúo Tropical e a orquestra Ritmo Joven.

O sábado 9, ás 10.00 horas a tirada de bombas de palenque anunciarán o comezo dos festexos e acto seguido, ás 13.00 horas, celebrárase a misa solemne e ao termo a sesión vermú a cargo de Nueva Fuerza. Pola noite, ás 23.00 horas, Nueva Fuerza tocará na verbena que estará animada tamén pola orquestra Charleston Big Band e Disco Móvil Consumo.

Este día ás 18.00 horas celebrárase o campionato de bolos. O domingo 10, repetiránse os festexos do sábado co lanza-



mento ás 10.00 horas de bombas de palenque. Ás 14.00 horas será a quenda da sesión vermú prolongada co Dúo Pegaso. Estes festexos están organizados pola asociación A Medorra en colaboración co Concello de Xove.

## A ACD Xove abre o prazo de inscrición das Escolas Deportivas-Culturais

A ACD Xove vén de abrir o prazo de inscrición das Escolas Deportivas-Culturais para esta tempada 2023-2024.

Todos os alumnos que desexen participar deberán ser socios da entidade, e aquelas familias ou alumnos que queiran incorporarse como socios deberán poñerse en contacto coa xunta directiva da asociación para formalizar e tramitar a súa inscrición de alta.

A cota para ser socio é de 15 euros ao mes por familia en pagos semestrais, tendo dereito a participar en todas as escolas organizadas pola asociación, así como contarán con descontos ou gratuidade nas equipacións deportivas que se poñan á venda.

Estas escolas contan con patinaxe artística, xadrez, atle-

tismo, duatlón, orientación, bádminton, surf e pintura, todas elas para nenos de entre 6 a 16 anos. Ademais terán a escola deportiva na natureza que busca unha realización segura da actividade física no medio rural facendo carreiras, kaiaks, escalada, rapel ou outras actividades, así como, talleres de interpretación da flora, xeoloxía ou o día microlóxico entre outros.

Para poñerse en contacto hai que chamar ao 618 976 159 ou mandar un email a a.c.d.xove@hotmail.com.

Así mesmo, o sábado 9 de setembro será a presentación da tempada de todas as actividades. Esta cita será ás 20.00 horas no pavillón municipal de Xove, e o luns 11 comezarán as actividades.

## O Komando Xoviético prepara a súa sexta marcha polos montes locais

O Komando Xoviético convida a participar da súa marcha en MTB polos montes e paraxes da localidade, o vindeiro 22 de outubro.

Este ano a Marcha Xoviética chega a súa sexta edición e dende a organización animan a "ir pasar cos xoviéticos un bo domingo de bicicleta polo interior do concello de Xove, o que dará a ocasión de ver recunchos interesantes ademais de desfrutar do bo ambiente e da colaboración veciñal, obxectan".

A marcha non é competitiva, é apta para calquera persoa que practique o MTB a un nivel moderado. Este ano non pisarán a costa. Predominarán os sendeiros por diferentes tipos de paraxes. As zonas algo técnicas terán alternativas, "algún cortadiño, saltiño todos con escapatoria ou alternativa estarán sinalizados", engaden.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

# “O que esquece a súa historia perde as súas raíces”

Noela é membro do Seminario de Estudos Os Espigueiros

O colectivo veciñal Os Espigueiros, natural de San Miguel de Reinante, foi formado polo seu desexo de recuperar a memoria histórica do pobo á vez que o de dinamizar a vida da veciñanza.

**Cando e como nace Os Espigueiros?**

Pois a verdade o nacemento deste grupo foi despois dunha exposición fotográfica realizada no ano 2008 con motivo do centenario da Asociación de Instrucción e Recreo Hijos de San Miguel y Reinante. Nela había moito material e unha certa curiosidade. Máis tarde creei nas redes sociais o grupo Historias de San Miguel, nunca pensei que puidera ter tanta repercusión xa que comezaron a aparecer fotografías inéditas, recortes ... Así que 2013 convoquei a quen ben quixera vir para tratar de organizar unha actividade orientada a coñecer máis o noso pasado. O que está claro é que o que mellor coñecemos, máis o valoramos e mellor o saberemos defender.

**Por que ese nome tan curioso?**

Non é tan curioso a verdade. Así nos coñecían aos sanmiguelenses na zona. Antigamente na época da fame as familias máis humildes do pobo recollían espigas de trigo e levábanas a vender ao mercado de Ribadeo para poder subsistir, eran épocas de moita escaseza. Co tempo deixaron de recoller espigas e pasaron a recoller piñas nos montes que lles deixaban. Eles recollían piñas e agora nós recolleemos retallos de historia de San Miguel.

**Por que ou con que motivación xorde?**

Sen dúbida coa de poñer en valor o noso pasado, dalo a coñecer e que non se esqueza. Aquelo que se coñece ben é valorado, e por tanto será protexido. É moi importante saber de onde vimos para entender quen somos pois o que esquece a súa historia perde as súas raíces.

**Que obxectivos teñen?**

O noso maior obxectivo é a recuperación do pasado común e actividades de divulgación.

**Quen a conforma?**

Somos 12 directivos nun inicio catro dedicámonos a dar forma ao

libro, os demais son o noso apoio loxístico incondicional, aportan ideas, traballo, enerxía... sen eles non se faría nin a metade do que levamos feito, sempre suman, son a base do equipo. Iso sí, as decisións importantes sempre as tomamos unidos, convocamos reunións periódicas en función das necesidades, se é algo puntual e sinxelo débátese no WhatsApp.

**Teñen apoio institucional ou dalgunha entidade?**

Apoio, apoio... pois recibimos axuda en ocasións de mans do Concello pero despois da pandemia a verdade centramos as actividades espigueiras no libro.

**E doutras asociacións e colectivos?**

Para nós o lema é “todo suma”. Hai asociacións que son coma irmáns ás que acodes con total confianza coma O Arco da Vella, Iberia ou Ollomao cando tes algunha necesidade. Colaboramos varias veces con Mariña Patrimonio e

temos boa relación coa Irmandade de Augas Santas. Se alguén nos precisa, aquí estamos... o importante é sumar axuda a medrar e atopar novos lazos.

**Que iniciativas propoñen?**

Todo ao que a divulgación da nosa historia se refire. Propuxemos hai tempo a creación da senda ao longo do río, deunos moito que facer a verdade e hoxe en día mantense grazas a axuda do Concello.

“Eles recollían piñas e agora nós recolleemos retallos de historia de San Miguel”

**Fan actividades ao longo do ano?**

Como xa dixen estamos moi parados. Antes da pandemia a actividade foi intensa a parte de

realizar artigos periódicos sobre a nosa historia que as veces requirían facer entrevistas con xente do pobo, organizamos parladoiros cos nosos maiores aos que viñeron diversos poñentes, rutas polo pobo que tiveron moi boa aceptación sobre todo porque os propios guías eran os veciños, etc.

**Que lle piden ao goberno local?**

Pois a verdade as veces que lles pedimos axuda sempre nola concederon ben sexa para desbroces,

como para organizar actividades, etc. Como se eles nos piden axuda, non faltaría!

**Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?**

Pois de momento trala publicación do libro non falamos aínda, si que é posible que volvamos retomar as investigacións pero isto coma sempre hai que decidilo entre todos.

**Estas iniciativas teñen boa aceptación entre os veciños?**

Pois a verdade non podemos queixarnos. Unhas actividades foron máis interesantes que outras para a xente pero supoño que coma todo na vida.

**Recentemente publicaron o libro Historia de San Miguel. De que trata?**

Pois de diversas historias, dende o que se sabe do Castro de San Miguel, os pazos do pobo, as capela e a igrexa, como dos antigos bailes e comercios, a sociedade gandeira do pobo, a emigración a Cuba...

**Canto tardaron?**

A asociación comezou a moverse no ano 2013 como grupo de veciños e nese momento comezamos a investigar e buscar axuda e colaboración tanto de expertos en determinados ámbitos da historia como dos propios veciños, amosa maior hemeroteca.

**Algo máis que queiran engadir?**

Pois quixera anunciar que... xa acabamos os 300 exemplares editados, só repartimos as reservas feitas ata existencias, aqueles que desexen facerse cun exemplar por favor, poñédemos en contacto con calquera membro da asociación porque estamos valorando volver a editalo se hai moita demanda.





## Seguen as obras de mellora nas instalacións deportivas



As obras de mellora do pavillón municipal case están rematadas no que se refire á renovación da cuberta por parte da empresa adxudicataria, Coto Estudios y Construcciones, SL.

Nestas obras, que suporán un investimento de 113.377 euros financiados ao abeiro dun convenio coa área de deportes da Deputación que dirixe Efrén Castro, contéplase a renovación da cuberta do pavillón e a apertura dunha saída lateral de emerxencia, da que carecía a instalación.

Dani García, concelleiro de dinamización, explicou que “se priorizou este investimento, xa que o estado da cuberta era moi deficiente e xeraba problemas de goteiras e filtracións”. Deste xeito, o goberno municipal continúa cos proxectos de mellora das instalacións, xunto coa renovación da pista de pádel que

se atopa en execución.

Nunha seguinte actuación que xa se atopa administrativamente en marcha, adecuarase o ximnasio municipal para o seu uso e dotarase ao pavillón de novos servizos como unha sala de enfermería da que carece.

Estas obras, atópanse actualmente en licitación, estando aberto o prazo de presentación de ofertas ata o 14 de setembro. O importe das mesmas ascende a un total de 142.697,39 euros, financiados con 50.000 euros de axuda da Dirección Xeral de Deportes da Xunta e o resto con cargo a un convenio coa área de Deportes da Deputación.

Co fin de dotar ao ximnasio de novo material, tamén se vén de adquirir maquinaria deportiva por importe de 13.664,95 euros, ao abeiro dunha axuda da Dirección Xeral de Deportes de 10.000 euros, asumindo o restante o Concello.

## O PP de Barreiros pide un plan especial de limpeza nas praias

O PP de Barreiros pide un plan especial e urxente de limpeza para garantir a salubridade nas praias. O portavoz popular, José Manuel Gómez Puente, di que “nos últimos días multiplicáronse as queixas de veciños e turistas amosando o seu malestar pola nula limpeza das praias de Barreiros, “unha moi mala imaxe que se dá do municipio” derivado da “falta de dilixencia e traballo do equipo de goberno municipal”.

O voceiro popular explica que as praias do concello están moi sucias, cheas de restos vexetais – troncos e algas principalmente –, lixo e incluso excrementos de animais que xeraron numerosas

queixas. “A limpeza debería ser unha das principais preocupacións do equipo de goberno, pero vemos que non é así polo que imprescindible un dispositivo especial e urxente de aseo para garantir a salubridade das praias e dos seus usuarios”, explicou.

Incluso, veciños e turistas explican que chamaron ao concello e acudiron a el para falar en persoa coa alcaldesa e amosar o seu malestar, pero sempre tiveron como respostas escusas e non foron atendidos nin recibidos. “O mínimo que debería facer a alcaldesa é dar a cara, pero como non o fai o malestar vai en aumento”, denunciou.

## Servizos Sociais está a preparar diferentes cursos para esta tempada

Dende a Concellería de Servizos Sociais do Concello de Barreiros están a preparar diferentes cursos e talleres para esta tempada 2023 e que seguirán no 2024.

Así, comezarán con cursos para persoas con discapacidade xunto coa Fundación ONCE, a través do seu programa Inserta Empleo. “Despois de facer curso de Limpeza de Espacios Públicos, que-remos facer o de Alfabetización

Dixital, e será a segunda ocasión que se realice”, di Carmen Veiga, concelleira de Servizos Sociais.

“Tamén faremos unhas xornadas de coidar o coidador e que esperamos que den comezo en outubro, pero aínda non temos as datas concretas”, engade Veiga.

Por outra banda farán os talleres de Memoria de Maiores, que se

iniciarán na segunda quincena de outubro e ata xuño.

E máis adiante terán a través do Ministerio do Interior o Plan Maior, que se imparte polas parroquias para informar ás persoas maiores “para que non sexan timados ou enganados, facemolo todos os anos e imparte un membro do Corpo da Garda Civil especializado no tema”.

## María Luz Rodríguez Somoza é a XXV Vegadense do Ano

Os Amigos de Vegadeo e o seu Concello veñen de informar que o premio XXV Vegadense do Ano xa ten dono e este ano recaeu sobre M<sup>a</sup> Luz Rodríguez Somoza, Lulas.

O xurado destacou “a súa implicación desinteresada en múltiples actividades da vida sociocultural de Vegadeo dos últimos anos”, así como que sexa a autora da escultura da vaca Silvallana, “imaxe de Vegadeo dentro e fóra da comarca”, e o seu intento de mellorar “a vida de todos os veciños co seu labor artístico” e o seu interese por “poñer de manifesto a importancia da arte e facelo accesible a toda a poboación”.

A candidatura de Rodríguez Somoza foi presentada pola Asociación Medalla Milagrosa e polos particulares Isabel Oliveros Martínez,



Inmaculada Cereceda Escalante e Luís Casteleiro Oliveros.

Lulas traballa desde hai 21 anos no instituto Elisa e Luís Villamil de Vegadeo, onde imparte materias como debuxo, plástica, taller de gravado e pintura e imaxe e son. O próximo curso académico trasladarase a Oviedo, onde impartirá materias do bacharelato artístico

no Instituto de Ensino Secundario Aramo.

O xurado, integrado por Caridade Arredondas Méndez, José Antonio Fernández Risco, Jordán González Mesa, Emilce Pasarín López e Andrea González González, definiuna como unha artista “multifacética”, e lembra que foi pegoira das festas do ano 2019.



# Ensinando ao mundo como beben os galegos

**Albariño Ézaro,  
Godello Estela do Val,  
Ribeiro Lavandeira  
e por suposto,  
vermut Arnao**

**¡Discosta Norte  
deséxalles unhas  
felices festas!**



**Teléfono 982 128 900 • [www.discosta.com](http://www.discosta.com) • [www.arnaovermut.com](http://www.arnaovermut.com)**

## o vicedo

## A asociación de San Román do Val ampliará local social, equipamento e actividades

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co presidente da Asociación de Veciños de San Román do Val do Vicedo, Rubén Rába-de, dous convenios de colaboración a través dos que a institución aporta 5.000 euros para ampliar a capacidade do local social co que conta o colectivo, así como o seu equipamento e as actividades que organiza.

En concreto, a achega da Deputación permitirá á asociación veciñal adquirir material para a celebración de distintas actividades no exterior do local social, ampliando así o aforo deste coa compra dunha carpa e mobiliario exterior, como bancos e mesas, que permitirán crear unha contorna cómoda. Dende a entidade aseguran que estas melloras farán posible que a parroquia conte con distintas actividades culturais, como representacións teatrais ou a proxección de películas.

Tamén se adquirirá un xerador de electricidade e dous ordenadores que servirán, tanto para a formación da veciñanza, como para reducir a fenda dixital en persoas maiores.

Por último, estes acordos inclúen dous obradoiros de artesanía: un curso monográfico de coiro e outro de resina polimérica. As formacións realizaranse, respectivamente, durante unha fin de semana entre os meses de setembro e decembro.



O presidente destacou a importancia deste acordo, pois dinamiza a actividade social e cultural da parroquia e, polo tanto, contribúe a mellorar a calidade de vida da veciñanza e axuda a fixar así poboación no rural.

**ASOCIACIÓN VECIÑAL.** A Asociación de Veciños de San Román do Val busca a mellora da calidade de vida da veciñanza, desenvolvendo para elo actividades en defensa dos intereses comúns e promovendo a convivencia e a integración social na parroquia. O colectivo participa no programa Coñece a túa provincia da Deputación e impulsa proxectos que permitan a formación ou o ocio dos socios e socias, así como dos residentes na contorna. Actualmente as actividades realízanse no local social Escola do Vilar.

## O Grupo Popular no Parlamento pide que Costas do Estado rexenere a praia de Fomento

O Grupo Parlamentario Popular vén de presentar unha proposición non de lei no Parlamento de Galicia na que se insta ao Goberno do Estado, máis en concreto á demarcación de Costas do Estado, a levar a cabo a rexeneración da praia de Fomento, no municipio lucense de O Vicedo.

O obxectivo desta iniciativa é o de recuperar a calidade deste areal natural en coherencia con actuacións similares que a Administración central, competente nese espazo, executa noutros puntos da costa lucense. Na súa proposta, o Grupo Popular advirten que esta praia, moi próxima ao núcleo urbano, situada entre o porto e antigo varadoiro, presenta na actualidade un estado de conservación “deficiente”, motivado polas propias dinámicas naturais e pola presenza de moitas algas que cobren a práctica totalidade

do ano a zona do areal e a zona de baño, “sen que a normativa vixente permita a súa retirada”.

**COMPROBACIÓN.** O deputado, José Manuel Balseiro, comprobou co alcalde do Vicedo, Jesús Nov, a situación deste areal. Ambos coinciden en sinalar que sería moi conveniente que se destinen os recursos necesarios para acometer este proxecto que tecnicamente é viable, segundo apuntan os expertos, cunha actuación de rexeneración que implicaría a achega de nova area.

O deputado sinala tamén que a iniciativa serviría como complemento do proxecto impulsado desde o propio Goberno local para construír un paseo marítimo que unirá o antigo varadoiro e os Castelos co paseo xa existente de Moledos, “contribuíndo a poñer en valor este enclave”.

## Presentado o cartel da 867 edición das San Lucas

Miguel Paz, presidente da Asociación As San Lucas presentou o cartel das San Lucas 2023, obra do mestre Xose Vizoso “que nunca deixa de sorprendernos”, dixo.

O 867 capítulo das San Lucas celebrárase dende o 17 ata o 22. A descuberta do deseño fíxose na Fonte Vella, que viu medrar e adquirir a súa personalidade artística a Vizoso, que naceu nunha casa a escasos metros deste lugar emblemático de Mondoñedo.



## O BNG mindoniense logrou aprovar unha iniciativa para o control de biomasa no concello

O BNG logrou aprovar unha iniciativa para o control de biomasa no concello grazas aos cinco votos a favor da oposición e ás seis abstencións do grupo de Goberno.

“A pesar das reticencias manifestadas polo goberno popular onde sinalaban a imposibilidade de facer cumprir a Lei de Prevención de Incendios pola falta de medios para revisar as parcelas afectadas o BNG logrou sacar igual a iniciativa”, din.

O voceiro nacionalista no concello, Eloi Cabanas, declara que “en Mondoñedo tanto na zona rural como na urbana abundan moitos terreos e solares sen limpar próximos ás vivendas invadindo terreos públicos, privados ou ameazando vivendas e o goberno a día de hoxe non toma cartas no asunto ata que hai unha denuncia no concello”.

Para o BNG, “o Goberno municipal non pode mirar para outro lado cando ten a competencia para dar debido cumprimento aos deberes de mantemento da biomasa nas condicións precisas para evitar lumes e outros problemas de ornato público”.

“No pleno denunciámos a situación na que se atopan moitos terreos próximos ás vivendas e núcleos de poboación e instamos ao goberno popular que faga cumprir a lei oficio e non só a instancia das denuncias da veciñanza”.

Na mesma moción tamén se aprobou outro punto de acordo para elaborar unha ordenanza municipal que regule a xestión da biomasa e a distancia de plantacións de árbores dentro dos terreos delimitados como solo urbano, de núcleo rural e urbanizables.

## Mondoñedo acollerá o 9 de setembro a XI xuntanza dos Cantos de Taberna

Mondoñedo acollerá o 9 de setembro a décima primeira xuntanza dos Cantos de Taberna no que participan unha ducia de locais de hostalaría do municipio.

Así, ás 20.00 horas haberá una xuntanza dos grupos participantes nos Cantos de Taberna e para participar será necesario inscribirse chamando ao 605 582 624.



## A concellería de Servizos Sociais organiza un campus tecnolóxico



A concellería de Servizos Sociais organiza do 4 ao 8 de setembro un campus tecnolóxico para nenos de 10 a 15 anos.

Neste taller ofertárase formación en deseño de videoxogos, Minecraft, domótica, robótica, metaverso e intelixencia artificial.

Será en horario de 10.00 a 14.00 horas na escola de Música e está patrocinado por EDP.

Para máis información haberá que chamar ao departamento de Servizos Sociais 982 524 003.

## Abre a inscrición para un programa de formación para mulleres

O Concello de Mondoñedo colabora na realización dun programa para a formación dixital de mulleres. Este programa ten como principal obxectivo mellorar as capacidades dixitais de mulleres en xeral, pero prioritariamente de mulleres desempregadas residentes en zonas rurais.

Con este proxecto preténdese ademais favorecer a capacidade de empregabilidade, impulsar o emprendemento e desenvolvemento rural e reducir a fenda de xénero.

Este programa ofrecerá un título oficial acreditativo, servirá para aprender competencias dixitais para o día a día para a empregabilidade e para o emprendemento, e ao rematar farase entrega dun ordenador portátil totalmente gratuíto, co que poderán poñer en práctica todo o aprendido. A formación impartirase en Mondoñedo dende o 26 de setembro ao 9 de novembro de 2023.

Para máis información poden acudir ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Mondoñedo e a través do teléfono 982 524 003, extensión 8 ou chamar ó teléfono 698 197 518.

# A escavación en Combarro trae á luz un forno e pezas cerámicas

Os traballos arqueolóxicos desenvolvidos na primeira quincena de agosto na necrópole medieval do lugar de Combarro, situado na parroquia de San Vicente de Trigás (Mondoñedo), continúan a producir resultados de relevancia para a datación e catalogación do xacemento e o coñecemento da Galicia medieval.

O equipo liderado polo profesor José Carlos Sánchez Pardo, investigador do grupo SÍNCRISIS da USC, dá conta do achado dun forno de posible orixe alto-medieval que, canda as outras pezas cerámicas descubertas, apunta cara a un tipo de asentamento que vai máis alá do uso exclusivamente cemiterial que se lle atribuíra: “O forno está formado por una estrutura de fondo refundido sobre a que se asenta unha estrutura pétreo que foi localizada parcialmente”, indica Sánchez Pardo. O coordinador e director científico dos traballos remarca, ademais, que “os materiais recuperados neste sector onde se localizou o forno son de gran calidade. Trátase de pezas cerámicas que permiten aproximarnos ao pasado altomedieval”.

A escavación arqueolóxica do que até agora era considerada unha necrópole está a achegar indicios dunha ocupación anterior á esperada ao inicio da investigación. As tres sondaxes realizadas no terreo deron luz a restos de estruturas de asentamento que modifican a comprensión da tipoloxía do xacemento dotándoo dunha maior complexidade e permitiron atopar material cerámico que sinala cara a unha cronoloxía de comezos da Idade Media. “Ademais da necrópole, da que xa tiñamos constancia, esta intervención permitiu documentar un forno e un nivel de ocupación que podería estar a falar dun tipo de asentamento da cal non coñecemos a tipoloxía”, indica Celta Rodríguez, directora dos traballos en campo. “Isto terase que ver en próximas actuacións que permitirán esclarecer e ampliar os datos sobre este lugar e a xente que viviu nel”, continúa a investigadora. Concluídos os traballos de escavación, a investigación arqueolóxica proseguirá nos próximos meses nos laboratorios do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas



Culturais (CISPAC), do que tamén forma parte a USC. A exhaustiva delimitación e documentación de cada unha das tumbas localizadas dá paso así á análise sobre os restos óseos recuperados no lugar de Combarro, que se agarda permita esclarecer un pouco máis esa época da Idade Media en Galicia.

**O equipo de traballo destaca a calidade dos materiais cerámicos recuperados na parroquia de San Vicente de Trigás**

**COLABORACIÓN.** O equipo interdisciplinar responsable desta investigación ofreceu o pasado 10 de agosto unha visita guiada ás escavacións da man de diferentes especialistas. Entre eles, o colaborador do proxecto e arqueólogo de Mondoñedo, Abel Vigo, que presentou ás preto de 40 persoas participantes o material recuperado e os xacementos de Mondoñedo e da

contorna. De igual maneira, o especialista de Tempos Arqueólogos, Sergio Sánchez, explicoulles o proceso de escavación e insistiu en que “toda escavación ten resultado positivo aínda que as sondaxes sexan negativas”, tal e como aconteceu no caso da sondaxe situada ao sur, onde os restos non se puideron localizar. Non obstante, para o grupo “a escavación na necrópole foi un éxito, xa non só a nivel científico se non tamén a nivel patrimonial”, segundo confirmou José Carlos Sánchez Pardo.

Dende o equipo arqueolóxico salientan a boa acollida desta xornada de presentación ao tempo que agradecen o labor da veciñanza na descuberta e divulgación do xacemento e a súa colaboración na realización dos traballos, especialmente no caso Miguel Chao e Magdalena Domenech. “É importantísimo facer ver que persoas como Miguel e Magda deben ser un referente a seguir en cuestións de achados patrimoniais”, indica Celta Rodríguez, que continúa: “é moi difícil facer entender que o patrimonio é de todos e eles foron os primeiros interesados en compartir parte dese patrimonio ca ciencia e ca xente. Son un exemplo.”

## Os Remedios estarán cargadas de música e espectáculos

Presentáronse as festas dos Remedios, unha celebración que ten coma eixo central a ofrenda que presentan as cidades capitais de partido xudicial da Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Así, as festas darán comezo o venres 8 ás 23.00 horas co concerto de Roi Casal e o seu espectáculo Ambos Mundos na Alameda dos Remedios.

A xornada do sábado 9 comezará ás 12.30 horas cun espectáculo infantil, *Contos na Escada*, de Alentía Teatro na Alameda; que dará paso ás 13.30 horas á sesión vermú con Discomóvil Onda Norte.

Xa ás 17.00 horas serán os xogos acuáticos nas piscinas municipais do complexo deportivo Viñas da Veiga; ás 19.00 celebrarase o Festival Mamá Quero Cantar no auditorio; e máis tarde será a actuación de Os Charangos de Neda, Grupo Beatriz, e Discomóvil Onda Norte.

O domigno 10 ás 11.30 horas será a saída das autoridades dende a Casa do Concello cara o Santuario da Virxe dos Remedios, acompañados pola banda ferrolá Acotaga. Máis tarde, ás 12.00 horas haberá unha misa solemne presidida polo

Bispo Fernando G. Cadiñanos e a ofrenda. A misa será cantada polo Coro Mestre Pacheco. Despois sairá a procesión coa imaxe da patroa coa Banda Acotaga de Ferrol e haberá un concerto.

Ao mediodía seguirá unha sesión vermú coa orquestra Ritmo Joven e pola tarde haberá un espectáculo de maxia infantil con Nacho Samena na praza do Concello.

Pola noite, ás 22.00 horas, será a verbena coa orquestra Ritmo Joven e no descanso e ao remate, será a quenda da sesión disco con DJ Peabody.

O luns 11 comezará coa misa de Cofrades no Santuario dos Remedios ás 12.30 horas seguida da sesión vermú con Tania Veiras na Alameda. Ás 18.00 horas celebrarase a Festa da Bicicleta dende a praza da Catedral ata a Alameda dos Remedios e inclúe unha xincana e unha parada na praza do Concello con xogos infantís.

Máis tarde será o Día do Neno con ambientación musical e con descontos nas atraccións infantís, e dará paso ao concerto da Banda de Música Pascual Veiga no auditorio municipal.

## O PSOE cualifica de “escándalo” o orzamento destinado ao mantemento das piscinas

Os socialistas cualifican como un auténtico “escándalo o orzamento de máis de 12.000 euros”, destinado ao mantemento das piscinas municipais. Así o denunciaron na pasada sesión plenaria, celebrada este mércores, na que evidenciaron o custe desproporcionado do mantemento desta infraestrutura pública.

Os socialistas reclamaron unha rectificación desta cuantía “xa que non se sostén por ningún sitio”, o orzamento presentado no Concello para manter as piscinas.

Esperanza González argumentou, na súa intervención, que o Concello de Mondoñedo destinaba ao persoal responsable deste complexo deportivo un soldo que non superaba os 1.200 euros brutos mensuais, “e con ese orzamento ocupábase das piscinas, do campo de fútbol e o pavillón, ademais doutros traballos extraordinarios. Pero agora coas contas do PP, só a xestión das piscinas ascenden a 12.493 euros no verán. A cifra parécenos un auténtico escándalo”.

Ademais hai que sinalar que tal e



como consta no orzamento rexistrado pola empresa, que inclúe os meses de xullo e agosto e a primeira quincena de setembro, “non aporta nin equipos, nin maquinaria ou produtos de limpeza para o mantemento das instalacións, nin unha soa bolsa de lixo ou unha escoba para varrer as instalacións. Todos estes traballos realízanse con material do Concello de Mondoñedo”, advirten.

O Grupo Socialista tamén interpelou ao Goberno Local para coñecer que xestións vai realizar sobre os problemas de filtracións que afecta a vivendas dos veciños da avenida das San Lucas.

## o valadouro

## Listo o programa das Festas do Oito de Ferreira



A comisión de festas de Ferreira do Valadouro fixo publico a programación da tradicional festa de setembro, as Festas do Oito, as patronais municipais na honra da Nosa Señora. Estas festas celebraranse os días 7, 8, 9 e 10 de setembro e comezarán na xornada do xoves coa gran verbena do Combo Dominicano e a discoteca móbil Conxuro.

O venres 8 haberá misa solemne ás 12.00 horas seguida da actuación da Asociación Cultural Amado Lar e dos grupo Fusiión, quen tamén amenizará a verbena da noite xunto ca orquestra Glailea.

O sábado 9 volverá o oficio relixioso coa procesión ás 12.00 horas acompañada da Banda de Música. Despois haberá sesión vermú con Toxo Guayaba.

Pola tarde será o Día do Neno no que haberá xogos populares e inchables na praza de Santa María e en caso de chuvia trasladaranse ao pavillón.

Xa pola noite, ás 23.00 horas será a quenda da Disco Móvil Medusa e de Toxo Guayaba.

O derradeiro día de festa, o domingo 10, tan só haberá unha actuación musical ás 14.30 horas a cargo do Dúo Belinda.

## As instalacións deportivas do Valadouro volven ao seu horario

As instalacións deportivas do Concello do Valadouro volven ao seu horario habitual de inverno tralo verán e ata o vindeiro 30 de xuño de 2024.

Así o ximnasio municipal abrirá as súas portas os luns, mércores e venres estará de 10.00 a 13.00 horas e de luns a venres durante todas a tarde, de 18.00 a 20.00 horas.

Para obter máis información para facerse socio hai que porse en contacto coas oficinas municipais no 982 574 000 de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres e para cuestións técnicas e de horarios hai que pasarse polo propio ximnasio.

## O Seminario de Estudos presenta un novo caderno, 'Ditos e refráns do Valadouro'

O Seminario de Estudos do Valadouro, SEVA, presentou no Castelo de Castrodouro un novo caderno, *Ditos e refráns do Valadouro* ilustrados por Xosé Branco e a exposición da súa obra que permanecerá na Sala 2 do Castelo ata finais de outubro.

Lionel Rexes, autor da recopilación desta mostra da tradición oral da zona do Val do Ouro será o encargado de abrir o acto no que intervirán tamén Xosé Blanco, pintor e deseñador e membros da directiva do SEVA, entidade que desde 2012 traballa para a dinamización cultural de Alfoz e O Valadouro.



## Aberto o prazo para A Tarde máis diver e Madrugadores

O Concello vén de abrir o prazo de inscrición para os servizos de Madrugadores e A Tarde máis diver 2023-2024.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 7 de setembro de 9.00 horas a 14.00 horas e poderá facerse nas oficinas municipais, Sede Electrónica ou por calquera dos cauces habituais da administración pública.

Para máis información será necesario chamar ao 982 574 000.

Os Madrugadores desenvólvese en horario de 7.30 a 9.25 e está orientado aos alumnos que precisen asistir ao centro escolar antes do inicio do

horario lectivo debido á incompatibilidade do horario laboral dos seus proxenitores ou titores legais co inicio da xornada lectiva.

A Tarde máis diver desenvólvese en horario de 16.00 a 19.00 e está orientado aos alumnos que precisen asistir a actividades extraescolares ao remate do horario lectivo debido á incompatibilidade do horario laboral dos seus proxenitores. As actividades realízanse a continuación da xornada lectiva nos horarios de de 16.00 a 17.00, de 16.00 a 18.00 e de 16.00 a 19.00.

## O Concello do Valadouro acolle diferentes programas para maiores e coidadores

O Concello do Valadouro acolle diferentes programas da man do Concello e a Asociación Cuiden Maiores e Coidadores.

O primeiro é o Soedade Cero, que sería para un máximo de 6 persoas maiores que viven soas e terá unha duración de 4 meses.

O segundo é o de Apoio e formación ás persoas coidadoras dos seus maiores. Son 8 sesións e totalmente de balde ata completar aforo. Este será os mércores de 16.00 horas a 18.00 horas e comezará o 30 de agosto.

O terceiro programa é Tarde

de Respira para persoas que coidan dos seus maiores, e vai dirixido para aquelas persoas que son coidadoras de familiares non profesionais e para que teñan polo menos, unha tarde cada quince días totalmente libre para tomar un café, por exemplo, pasear, merendar fora da casa, tertulias, etc. Será dúas veces ao mes, cada quince días, e durará ata o mes de decembro 2023, inclusive.

Para máis información haberá que poñerse en contacto co Concello do Valadouro no teléfono 982 574 000.

## Comezan as actividades na biblioteca municipal

O 14 de setembro comeza un novo curso para o Club de Lectura da Biblioteca Municipal de Alfoz. O libro elixido é *Os nenos da variola* de María Solar. Coma de costume, os membros do club reuniranse os xoves cada 15 días para compartir as súas impresións sobre a lectura, rematando co visionado da película, neste caso *22 ángeles*.

**OUTRAS ACTIVIDADES.** A biblioteca conta con novidades para este vindeiro mes de setembro no que desde o venres 1 xa está dispoñible o carnet de superlector para todos os nenos que teñan carnet da Rede de Bibliotecas de Galicia e sexan usuarios da Biblioteca de Alfoz. É de balde e nel íranse sumando puntos por cada libro que se leve en préstamo. Unha maneira máis de fomentar a lectura e dinamizar a biblioteca.

A partir do 11 de setembro o horario de apertura ao público será de 15.30 a 20.30 horas de luns a venres.

Ao longo do mes íranse incorporando ao fondo bibliográfico máis de 40 novidades editoriais, en galego e castelán, para todos os gustos e idades co obxectivo de manter actualizada a oferta da biblioteca e dar un bo servizo aos usuarios.

Tamén estará o programa Cultura Pequeniña no que durante dous sábados do mes de setembro e outros

dous de outubro haberá obradoiros na biblioteca dedicados aos nenos e nenas e ademais contarán cunha proposta cultural de teatro, contos, monicreques ou máxia.

Esta actividades é de 3 a 12 anos, con inscrición previa na biblioteca onde estarán dispoñibles a solicitudes a partir do 13 de setembro. Tamén se enviarán ao CEIP Castro de Ouro.

No mes de setembro previsiblemente estará o programa de Coidado do medio ambiente.

Odía 23 de setembro a biblioteca de Alfoz acollerá unha actividades sobre reciclaxe. Será de 17.00 a 19.00 horas e farán arte con materiais reciclados e da natureza no obradoiro ReciclARTE.

Ese mesmo sábado o salón de actos acollerá ás 19.00 horas a obra *O galo Quirico* e os seus amigos de Seisdedos, incluído no Programa Ler conta moito e está dirixido a un público infantil e familiar.

O día 30 de 17.00 a 19.00 horas será a quenda do obradoiro Pinga a Pinga, para coñecer máis sobre a auga e o seu coidado a través de vídeos, manualidades e dinámicas de grupo. Máis tarde, ás 19.00 horas no salón de actos, poderase desfrutar con Raquel Queizás, coa *Soñadora das árbores*, chamábanlle así desde pequena porque sempre estaba "na póla".

## O día 16 terá lugar unha actividade micolóxica

O sábado 16 de setembro terá lugar unha actividade micolóxica e unha degustación gastronómica dentro das accións de promoción da Reserva da Biosfera Terras de Miño da que Alfoz forma parte. Organízase unha saída ao campo interpretativa e de introdución á identificación de especies na que, ademais, se ensinarán boas prácticas do recolector, divulgando así cal é o uso e disfrute apropiado e sostible deste importante recurso. Ademais de identificar e colleitar, explicarase o valor dos fungos no medio natural e para os seres humanos.

Jesús Blanco García, micólogo e presidente da Asociación Amigos das setas Os Bolouros, que leva en activo desde 1978 difundindo o mundo dos cogomelos a través de numerosas colaboracións con centros educativos e concellos

para dar a coñecer a micoloxía e fomentar un uso sostible do recurso, será o encargado de guiarnos nesta xornada.

Para rematar a xornada, levarase a cabo unha degustación gastronómica para os participantes na cafetería da casa da cultura de Alfoz, onde tamén se poderá ver unha pequena exposición ou mostra de distintos exemplares de cogomelos que podemos atopar na zona.

A saída será ás 16.30 horas desde a Casa do Concello, e é necesario inscribirse previamente desde o 4 de setembro no teléfono 982 558 001. As prazas son limitadas e ocuparanse por orde de solicitude.

A actividade é de balde. Recoméndase aos participantes levar calzado axeitado, navalla e cesta para a recollida de cogomelos

# “Nós tratamos de amosar un deporte moi estendido”

O val do Ouro conta cunha xeografía inigualable para os deportes ecuestres

Falamos con Rubén Palmeiro Rodríguez, membro do Club Hípico Terras do Mariscal.

## Cando e como nace o Club Hípico Terras do Mariscal?

Pois legalmente hai un ano aproximadamente, debido a que a nosa intención era organizar un *raid* e para iso debíamos estar legalmente inscritos.

## Por que ou con que motivación xorde?

Basicamente xorde a raíz duns amigos da localidade do Franco, en Asturias que son uns veteranos neste deporte e facendo rutas de amigos por esta zona quedaron maravillados da cantidade e calidade das nosas pistas e camiños. Así que que xurdiu a idea de facer un *raid*.

## Que obxectivos ten?

Principalmente a organización dun *raid* neste val, que é polo que levamos loitando case dous anos e actualmente sen éxito, debido a que o anterior goberno non foi moi colaborador, senón todo o contrario, puxéronnos bastantes trabas, tamén non descartamos dar a coñecer e promocionar outras disciplinas híxicas ou eventos descartando a andadura xa que nesta contorna xa hai asociacións adicadas a esa disciplina, o mundo do cabalo e moi amplo se se quere coñecer.

## Quen conforma este club?

Pois somos cinco amigos, como xa dixen, son dous da localidade do Franco en Asturias, unha amiga en Meira e por último dúas persoas aquí en Alfoz nas cales eu me incluí. Anteriormente xa formei parte de outras asociacións en outros lugares e comprobei que os grupos pequenos son máis sólidos e con menos problemas que as asociacións con maior número de persoas.

## Onde teñen a base do club?

Pois o club atópase inscrito nos concellos de Alfoz e Valadouro, xa que o *raid* transcorrería polos camiños deste val no cal están os dous concellos. Tamén serviría para poder repartir o custe da proba nos dous e a súa vez promocionar o tesouro que é este val, o cal non ten fronteiras.

## Cales son algúns dos nomes dos cabalos máis destacables na disciplina de *raid* en Galicia?

Pois agora non che sabería dicir uns en concreto. No pasado houbo grandes cabalos como o Cronox de Félix Lorente, Bala, un que deixou unha pegada bastante grande debido a súa descendencia foi o Quasar de la Nie propiedade de Herminio Pose Nieto e a súa vida deportiva foi con Pilar Cortón, que está amazona e a súa filla Rocío hai uns meses fixeron unha gran carreira en Francia e Rocío estivo preseleccionada para o mundial de *raid*, con cabalos descendentes do Quasar. Tamén hoxe poderíamos

**“É unha disciplina moi popular debido á facilidade de montarse no cabalo e tamén require moito sacrificio físico e de tempo, pois para correr hai que adestrar”**

falar da Siglo Alma de Silas Barreira que fixo un campionato galego bastante notable e moitos máis que agora mesmo non lembro aínda que esperamos que aparezan moitos xa que en anos anteriores o número de probas de *raid* en Galicia era escaso, dous ou catro por ano, e rexurdiu, actualmente falamos entre nove e once probas, dando así oportunidade a cabalos que localmente son descartados por non ir en andadura pero non por elo deixan de ser grandes cabalos demostrando o que son capaces nas largas distancias.

## Que iniciativas propoñen?

Como xa dixen, a principal iniciativa é a de organizar un *raid*, o actual goberno e máis colaborador que o anterior e xa estamos en camiño, pero o principal problema e o económico, a achega económica dos concellos de Alfoz e Valadouro axuda pero non alcanza polo que estamos estudando outras opcións de financiación da proba, sexa na Deputación de Lugo ou con patrocinador pero está última opción e moi complicada. O que si, é que en teoría ambos concellos nos aseguran a axuda loxística da proba.

## Participan en moitos *raids* ou torneos?

Pois actualmente non, xa que non dispoñemos de cabalos para correr. Eu corrín e adestrei hai anos. O *raid* e unha disciplina moi exigente e tes que dedicarlle tempo, se non adestras non clasificas e tes que coñecer as virtudes e fraquezas do teu cabalo polo que o ideal e que compita o xinete que adestra co cabalo. O *raid* e o único deporte onde os cabalos pasan controis veterinarios antes, durante e despois da proba, fusta e esporas están prohibidos non podes obrigar o cabalo a correr, teno que facer por vontade e nunca verás a un xinete ou amazona bébedo, coma pasa en outras disciplinas. Do noso club un socio que actualmente xa está xubilado, quizais volva a correr co seu cabalo Lightfoot demostrando que a idade ás veces está na mente e neste deporte moitas veces gaña a experiencia e o saber correr e administrar ao teu animal.

## Fan actividades ao longo do ano?

Pois actualmente non, como xa expuxen o anterior goberno non



nos axudou en nada, más ben o contrario, e ata o día de hoxe os gastos derivados de xestoría e taxas e demais foron solucionados polos compoñentes do club polo que non tivemos opción a organizar nada para o público. Si que podemos facer pequenas rutas entre nós, pero co novo goberno esperamos que isto poda cambiar.

## Teñen apoio institucional ou algunha entidade?

Pois como xa dixen anteriormente a día de hoxe as nosas pequenas axudas son dos concellos de Alfoz e O Valadouro e estamos mirando de pedir axuda a Deputación, o actual goberno mais activo e colaborador pero aínda así a achega económica no chega polo que esperamos poder solucionalo.

## Que lle piden ao goberno local?

Pois o mencionado antes, axuda económica e que nos de a oportunidade de amosar unha disciplina hípica distinta as locais que xa son algo monótonas, ao mesmo tempo e unha oportunidade para promocionar este val xa que e unha riqueza

za natural aplicable tanto ao ciclismo, sendeirismo, e en si mesmo ao turismo natural.

## Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?

E difícil falar de futuro cando o presente está no aire. Primeiro acabar o empezado e despois xa miraremos, paso a paso, pedra a pedra.

## A disciplina de *raid* é coñecida?

Pois a verdade e que non, estou canso de escoitar a xente cando falas de *raid* e non saben o que é. O primeiro é que e un deporte no que hai que saber montar a cabalo, non montarse no cabalo e despois, que da rabia cando e un deporte estendido por toda España e o mundo e aquí non o coñecen, incluso tamén ver coma outros concellos o apoian, coma o de Baralla onde se disputou o Campionato Galego, e aquí solo te poñen trabas, ás veces penso que se en lugar dun *raid* organizábase a festa da cervexa en menos de 24 horas tiñamos os fondos e aportados polas institucións, a sensación e que só queren promocionar festas, non deportes.



## a pontenova

## Comeza a restauración do Muíño dos Namorados



O Concello da Pontenova comezou a restauración do Muíño dos Namorados para que nun futuro ademais de ser un lugar clave na ruta homónima, sirva para facer demostracións sobre o uso da edificación.

Estas obras previsiblemente comezarán estes días e consistirán na restauración do muíño por completo e poñer a maquinaria a funcionar como estaba antigamente. Así, nun futuro “podería servir para facer demostracións de como era este tipo de traba-

llo”, din dende o Concello pontenovés.

Esta ruta do Muíño dos Namorados comeza na desembocadura do regato do Cairo no río Eo, punto no que tamén se conta coa Ruta do Ferrocarril. Está formada por 2 tramos enlazados, sendo o segundo de eles opcional.

O primeiro tramo é lineal, de 2,4 km (só ida) cun desnivel moi suave e vai seguindo o sendeiro paralelo ó regato do Cairo. O segundo tramo, opcional, é circular de 3,3 km.

## A ITV estará na Pontenova a finais deste mes de setembro

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos estará na Pontenova no mes de setembro, concretamente do 18 ao 20.

A estación itinerante estará na Chousa da Veiga en horario de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas,

agás o día 20 que será só de mañá. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com). A organización lembra que no se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

## A parroquia de Conforto prepara a súa festa para os días 8 e 9

O vindeiro venres 8 e sábado 9 de setembro será a festividade de Santa María de Conforto, na que veñen devotos de municipios da contorna a ofrecerse por si mesmos ou para conseguir algunha intercesión para outros.

Haberá varias misas ao longo da mañá desde ás 9.00 e ata ás 11.30 horas, ata a máis concurrida que será ás 13.00 horas que contará coa procesión tras a eucaristía cantada polo Coro de Riotorto. Nesta última contarán coa participación do señor Bispo.

Máis tarde será a sesión vermú a cargo do Dúo Élite quen tamén amenizará a verbena da noite xunto con Disco Móvil Blanco y Negro.

Na xornada do sábado 9 tan só haberá un oficio relixioso, ás 13.00 horas seguido da procesión e a sesión vermú. Ás 15.15 horas haberá un xantar popular servido por un catering e que terá un prezo de 27 euros adultos e 15 para nenos.

Neste encontro gastronómico poderase degustar empanada, arroz caldoso, codillo, brazo de gitano, viño, auga, café e Pepsi.

## riotorto

## O BNG demanda liñas de axudas municipais para estudantes

O BNG de Riotorto pedirá a creación de liñas de axuda municipais para material escolar e para o desprazamento a centros de ensino fóra do concello de cara ao vindeiro curso. A forza nacionalista presentará a proposta no vindeiro pleno municipal, o primeiro ordinario deste mandato, que se celebrará o venres 4 de agosto.

O BNG propón establecer unha liña de axudas para material escolar para alumnado de educación infantil – excluído da convocatoria da Xunta de Galicia – e outra para gastos de desprazamento a centros educativos dirixida a alumnado de Bacharelato, formación profesional, estudos universitarios e centros ocupacionais e vinculada á renda

familiar e a distancia ao lugar de estudo.

“Levamos a proposta ao primeiro pleno ordinario da lexislatura, con tempo suficiente para que se contemple nos próximos orzamentos e as familias poidan beneficiarse desas axudas no vindeiro curso escolar”, explican desde o BNG.

“A educación de fillas e fillos, mesmo sendo pública, require das familias un esforzo económico para afrontar gastos relacionados co material escolar e o desprazamento a centros educativos. Se ben corresponde á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado dispoñer e dotar suficientemente axudas que garantan a igualdade de oportunidades

no acceso á educación en todas as etapas, ao tempo que asumimos como propia esa reclamación a outras administracións, consideramos que o Concello de Riotorto debe contribuír, na medida das súas posibilidades, a esa igualdade con liñas de axuda propias e compatibles con outras, como fan outros moitos concellos”, recolle a proposta. Nesa liña, a moción subliña que “este tipo de axudas se fan máis necesarias no rural pola escaseza de alternativas de transporte público e a política educativa da Xunta de Galicia que restrinxen as especialidades nos centros do rural e concentra a oferta formativa nas capitais de comarca e da provincia”.

## A Aldea de Abaixo recibirá unha achega para a mellora de servizos comunitarios

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou o último trámite administrativo para o pago de subvencións a entidades asociativas que resultaron beneficiarias do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios.

A Agrupación Aldea de Abaixo, de Riotorto, recibirá preto de 5.000 euros para a reparación e mantemento dun depósito de auga neste núcleo rural.

Con este programa a Deputación colabora economicamente con entidades asociativas da provincia,

como agrupacións veciñais, comunidades de augas e de montes, e asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais, para acometer obras en servizos, equipamentos e infraestruturas que inciden no seu día a día, tales como pistas, accesos, locais sociais, traídas de auga, fontes ou espazos públicos comunais.

“Estamos contribuíndo así a mellorar a súa calidade de vida e, desta forma, a fixar poboación no noso rural”, destacou a deputada Pilar García Porto.

## As festas en Ferrería serán o sábado 23

O sábado 23 de setembro a parroquia de Ferrería, en Riotorto, celebra as súas festas na honra a San Antonio cunha misa solemne ás 13.45 horas.

Seguidamente terá lugar unha procesión e sesión vermú a cargo do dúo Belinda que será o encargado de amenizar a verbena, que haberá durante a noite. A festa completárase cunha comida veciñal, onde volverá actuar o dúo Belinda xunto o dj Bombardeo.

## Regresa o servizo de podoloxía

O Concello de Riotorto ofrecerá o 6 de setembro unha nova sesión do servizo de podoloxía dirixida a todos os veciños do municipio.

O servizo ten un prezo de 15 euros.

Para poder acceder a este programa unicamente é necesario estar empadroadado no Concello e pedir cita previa nos servizos sociais municipais ou no teléfono 982 346 222.

As sesións repetiranse varias veces durante o ano, tal e como anunciaron dende o Concello. Este servizo ten como obxectivo prestar unha atención podolóxica básica a todas as persoas de cara a favorecer o seu benestar integral.

## O centro de saúde de Riotorto incorporará enerxías renovables

A Xunta destinará 52.500 euros á incorporación de enerxías renovables no centro de saúde de Riotorto, segundo confirmou o delegado territorial de Lugo, Javier Arias.

O delegado explicou que estas actuacións forman parte dun investimento de 1,5 millóns de euros para dotar de caldeiras de biomasa a 11 centros de saúde galegos e de sistemas de aeroterminia a outros tres. Este contrato materialízase a través dun acordo entre o Sergas e o Inega, dependente da Consellería de Eco-

nomía, Industria e Innovación, que promove a través da Axenda Enerxética Galicia 2023 a integración de enerxías renovables en edificios públicos e facilita o seu cofinanciamento polo programa operativo FEDER Galicia 2017-2020, dentro da súa actuación de fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento da biomasa térmica e outras tecnoloxías renovables na administración xeral da comunidade autónoma e no sector público autonómico.

## Lourenzá quédase sen brigada de incendios por falta de capataz

O Concello viuuse na obriga de renunciar á brigada de incendios por falta de capataz.

A alcaldesa, Rocío López, explica que “o pasado mes de maio Concello de Lourenzá firmou un convenio coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para colaborar na prevención e loita contra os incendios forestais durante este ano 2023. A través deste convenio o Concello solicitou axuda para a contratación dunha brigada de 5 operarios e tamén para as tarefas de desbroce mecanizado presentando os correspondentes Plans de Actuacións Preventivas, que foron aprobados co visto e prace do Distrito Forestal. O Concello levou a cabo todos os trámites esixidos para a selección dos membros da brigada de 5 compoñentes: xefe de brigada, peón condutor e 3 peóns forestais, aprobando as bases e presentando as ofertas no SEPE. Unha vez convocados todos os candidatos para os recoñecementos médicos e a proba de esforzo só resultaron aptos provisionais 3 peóns, non pasando dita proba o xefe de brigada. Dende o Concello ampliouse a busca por todo o territorio galego contactando con técnicos doutras provincias, centros de formación e incluso con outros concellos, non habendo ningún capataz dispoñible”.



A rexedor municipal engade que “ante a imposibilidade de constituír a brigada sen xefe no prazo improrrogable do 15 de agosto, tal e como esixe o convenio, o Concello de Lourenzá vese na obriga de renunciar á brigada de prevención e loita contra incendios forestais nesta anualidade 2023, iso si mantendo o desbroce mecanizado”.

Rocío López considera que “é unha pena ter que renunciar a un servizo tan necesario como este xa que dispor dunha brigada é unha ferramenta de moita axuda na prevención e loita contra os incendios forestais e máis en concellos como este, cunha importante masa forestal, e moito máis aínda en veráns secos como o que estamos a vivir”.

A alcaldesa remata comentando que “o desbroce mecanizado si que se vai a levar a cabo en distintas pistas forestais do concello”.

PP. O PP lamenta “a falta de previsión do goberno local socialista” para convocar o proceso de selección da brigada contra incendios forestais. Os populares explican que “o goberno local convocou tarde o procedemento de selección e contratación”.

Os populares inciden en que “sabían dende o mes de maio, cando asinaron o convenio coa Xunta, que o proceso tiña que estar rematado, como moi tarde, o 15 de agosto e agardaron ata o 4 de agosto para convocar”. Polo tanto, “non valen as excusas. Se tiveran convocado con anterioridade, como fixeron outros Concellos, habería máis posibilidade de contar cun xefe de brigada”.

Dende o PP lembran que “o ano pasado nin sequera pediron unha brigada e este ano poñen desculpas pola súa falta de previsión. É inaudito que nun concello con importante zona forestal que precisa traballos de prevención de incendios, os seus responsables non poñan máis da súa parte para aproveitar estes medios para os que os Concellos contan coa colaboración da Xunta”.

## Un encontro sobre o legado de Del Riego terá lugar do 4 ao 6 de setembro

Lourenzá, a vila natal do protagonista do Día das Letras Galegas 2023, acollerá do 4 ao 6 de setembro un encontro de tres días no que se afondará no seu legado dende diversas perspectivas. Preto de vinte especialistas de distintas institucións analizarán a biografía e a obra de Fernández del Riego como activista, intelectual, estudioso e escritor nos sucesivos contextos históricos que percorreu na súa case centenaria vida. A Real Academia Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lourenzá colaboran na organización da cita que, baixo o título Francisco Fernández del Riego na cultura galega do século XX, forma parte da oferta de cursos de verán da USC. O presidente da Academia abrirá o foro cunha

conferencia sobre Francisco Fernández del Riego nesta institución. O homenaxeado estivo vinculado a ela dende 1948, primeiro como académico correspondente e logo, a partir de 1960, como numerario. Unha das súas primeiras iniciativas como tal foi propoñer a creación do Día das Letras Galegas que, 60 anos despois da primeira edición dedicada a Rosalía de Castro, agora el mesmo protagoniza. O intelectual foi ademais presidente da RAG entre 1997 e 2001.

A xornada inaugural continuará cun relatorio biográfico de María Dolores Villanueva Gesteira, autora de Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia (Galaxia, 2023) e colaboradora fundamental de don Paco nos seus últimos tres anos de vida.

## A escola de música de Lourenzá abre o prazo de inscrición

A escola de música de Lourenzá abre o prazo de inscrición para as súas clases e que estará aberto ata o 30 de setembro. Os instrumentos que ofrecen son frauta, oboe, fagote, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, bombardino, tuba, batucada, gaita galega e percusión.

Para participar será necesario chamar ao teléfono 618 435 083 ou mandar un email bandademusicadelourenza@gmail.com ou ir presencialmente á casa da Xuventude. Así mesmo, cabe lembrar que en marzo botaron a andar a Pituband, unha nova banda infantil para menores de 16 anos.

## Volve a Concentración de Vespas e Clásicos e a Festa da Faba

A Asociación Club VespaFaba & Clásicos Lourenzá presentou a súa nova concentración de scooters, motos e clásicas que coincide sempre coa celebración da Festa da Faba.

Nesta ocasión a data de celebración será o sábado 30 de setembro e domingo 1 de outubro e acolle a XXXI Festa da Faba de Lourenzá.

Durante a xornada do sábado 1 contarán con scooters e motos clásicas que se poderán desfrutar desde ás 10.00 horas cunha exposición na rúa Fernández del Riego, máis tarde haberá unha xincana e probas de habilidade.

Xa ás 13.30 será o momento dos pinchos e a saída da ruta polo Val de Lourenzá para volver ao xantar campestre e a entrega dos premios a partir das 15.00 horas.

O domingo 1 de outubro volverá a exposición pero nesta ocasión de coches clásicos, na mesma rúa. Máis tarde, ás 13.30 horas farase



unha ruta polo val para despois xantar no hotel Casa da Luz de Bretoña.

Pola tarde, os participantes volverán ao Concello laurentino e entregaranse os trofeos así como o sorteo de agasallos.

Para participar será necesario a previa inscrición, que ten un prezo de 25 euros para socios e 30 para os que non o sexa.

Para máis información sobre coches será necesario chamar aos

teléfonos 660 049 416, 671 214 171 ou 669 452 430. E para a información sobre as motos ao 670 801 034, 606 859 486 ou 689 008 073.

**FESTA DA FABÁ.** Dende o Concello están a elaborar a programación para a XXXI edición da Festa da Faba, que se celebrará do 29 de setembro ao 1 de outubro. En próximas datas darase a coñecer tanto o cartel anunciador como a programación completa.

## O PP esixe á Deputación mellorar a seguridade da vía LU-P-2804 en Lourenzá

O Grupo Provincial Popular esixe ao goberno da Deputación mellorar a seguridade da vía LU-P-2804, unha estrada que comunica o barrio da Cazolga con Vilanova de Lourenzá e a N-634 e que rexistra un gran volume de tráfico constante por ser empregada tamén por veciños de parroquias lindeiras do municipio de Mondoñedo e por camiións que sacan madeira dos montes da zona.

“Boa parte dos usuarios da vía, como nos contaron os veciños cos que nos reunimos, sufriron algún sinistro polo que están fartos de seguir asumindo riscos a diario” debido á anchura insuficiente da vía que dificulta o cruzamento de dous vehículos -chegando a

ser imposible cando se trata dun camiión ou do autobús escolar-. A circulación tamén é perigosa nas curvas con escasa visibilidade, na ponte estreita onde non está sinalizada a prioridade de paso e en tramos afectados polas árbores; xa sexa polas pólas que invaden espazo ou pola presenza de verdín que inutiliza parte da calzada porque os condutores o consideran perigoso. A ausencia de arcéns ou espazo practicable á beira da calzada nalgún tramo tamén é perigoso, especialmente, á beira do río onde non hai quitamedos e os vehículos poden caer se se vén obrigados a aproveitar o espazo ao cruzarse con outros”, di o voceiro Antonio Ameijide.

## trabada

## Comeza a renovación da cuberta da casa consistorial

O Concello de Trabada informou do comezo das obras para a renovación da cuberta da casa consistorial.

Para estes traballos, Trabada conseguiu unha subvención de 19.990,90 euros da Xunta, mentres que o concello aporta 8.580,39 euros (investimento total de 28.571,29 euros).

A necesidade da intervención xustificábase nas deficiencias detectadas na cuberta do edificio. Trátase de roturas e desprendementos, así como de moitas pezas que chegaron ao final da súa vida útil. Isto provoca unha deficiente impermeabilización e por tanto humidades no interior.

“O goberno local de Trabada planifica e ten proxectos, traballando sempre con previsión para acadar actuacións e investimentos que melloren os servizos e infraestruturas públicas”, afirma a alcaldesa de Trabada, Mayra García.

O aspecto exterior da edificación,

coa fachada recentemente renovada, presenta unha imaxe deficiente dende aqueles puntos máis altos nos que se pode observar o contraste co estado da cuberta, o que fai que a integración na contorna non sexa a máis adecuada. Polo tanto, a actuación proposta constituirá unha notable mellora, reducindo o impacto paisaxístico do edificio.

O obxectivo é protexer a edificación, evitar o seu deterioro e mellorar a calidade da paisaxe rural, corrixindo os impactos paisaxísticos que ocasiona co uso de madeira de castiñeiro e pizarra.

As actuacións consistirán no desmontaxe das pizarras de cuberta existente. Nivelarase con madeira de castiñeiro naquelas zonas nas que sexa preciso por non presentar unha planeidade perfecta. Sobre esta formación de pendentes colocarase unha lámina impermeabilizante de EPDM e a cuberta será similar á existente, de pizarra.

## Os populares critican “a falta de mantemento” na tirolina da zona de xogos infantil

O Grupo Municipal do PP faise eco das numerosas queixas de nais e pais de rapaces do municipio que denuncian o estado no que se atopa a zona de xogos infantil, tendo o seu mellor exemplo na tirolina que se instalou hai anos e que “a día de hoxe non pasou ningún tipo de mantemento, tendo que solucionar unha avaría que tivo un dos pais dos nenos que alí xogan”.

O voceiro municipal popular José María Fernández explica que nas últimas semanas foron moitas as queixas recibidas polo estado no que se atopa esta zona de xogos, sendo a zona da tirolina “perigosa para os pequenos” xa que onde está instalada non hai ningún tipo de elementos de protección nin

acolchados no chan polo que cando caen, os rapaces baten directamente contra terra e pedras.

José María Fernández recorda que esta tirolina non recibiu ningún traballo de mantemento, sendo un dos pais dos rapaces que alí xogan o que tivo que reparar un problema que xurdiu nesta infraestrutura para que puidesen seguir xogando.

Ante esta situación, dende o Grupo Municipal do PP de Trabada piden á alcaldesa Mayra García que se preocupe do estado no que está esta zona de xogos e a adapte ás necesidades dos rapaces e que a dote dos elementos de protección necesarios para garantir que poden xogar con total seguridade.

## A ITV agrícola estará en Trabada

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará no Concello de Trabada os vindeiros 26 e 27 de setembro.

A estación itinerante estará na explanada do Punto Limpo en horario de 9.00 horas a 13.30 horas e de

15.15 a 18.00 horas.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com). A organización lembra que non se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

## ourol

## O Concello conta con actividades para maiores a partir de outubro

O Concello de Ourel conta cun amplo abano de actividades para maiores para este último semestre do ano e que darán comezo en outubro.

O primeiro deles é un bradoiro de adestramento da memoria que vai dirixido a todas aquelas persoas maiores de 60 anos. Con este obradoiro preténdese axudar a compensar as posibles perdas de memoria que poidan experimentar as persoas debido á súa idade. Tamén está dirixido a aquelas persoas que, aín-

da sen presentar problemas de memoria, estean interesadas en aprender algunhas estratexias de memorización que poidan ser aplicadas no momento que detecten algún problema na realización das súas actividades da vida cotiá relacionado coas perdas de memoria.

Está previsto que o obradoiro de comezo no mes de outubro deste ano e desenvolverase en sesións semanais de unha hora e media de duración ata finais de maio do ano 2024.

Tamén contarán cun curso de ximnasia para maiores pois dende o Concello “consideramos fundamental programar actividades encamiñadas a mellorar a calidade de vida das persoas maiores para que podan disfrutar dunha vida activa con plena autonomía funcional”.

Está previsto que o curso de comezo no mes de outubro deste ano e desenvolverase en 2 sesións semanais de unha hora de duración ata finais de maio do ano 2024.

## A Escola Galega de saúde volverá a facer actividades a finais de ano

De cara a finais do ano, novembro e decembro, o Concello de Ourel raelizará algunha actividade en colaboración coa Escola Galega de saúde para Cidadáns, como parte da programación de actividades formativas que realiza este organismo de forma presencial nas diferentes localidades da Comunidade Autónoma co fin de facilitar a accesibilidade das persoas usuarias á formación e información en temas relacionados coa saúde.

Durante este ano 2023 xa realizaron as seguintes actividades dentro deste programa e todas elas contaron cun elevado índice de



participación polo que solicitaron algún curso máis de cara finais do ano.

Neste ano impartíronse cursos de psicomotricidade e memoria, de uso seguro do medicamento, de

movilización e coidado de persoas dependentes e de exercicio físico e ocio saudable.

Por outra banda, a partir do mes de novembro e coma todos os anos, o Concello de Ourel comezará coa programación de actividades relacionadas coa promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, todas elas co obxectivo de unir as nosas forzas na repulsa da violencia de xénero e promover a sensibilización social contra as violencias machistas, así como fomentar a educación en valores de igualdade e tolerancia.

## Ourel conta para este curso co programa Educando en familia

O Concello ourolés conta para este curso 2023-2024 co programa Educando en familia que ofrece un apoio ás familias atendendo á diversidade das súas necesidades e contando para isto cun proxecto de acompañamento educativo ás familias, con nenos e nenas de 0 a 6 anos, por parte de persoal especializado.

“A importancia dos primeiros anos considérase fundamental na vida do ser humano dado que é a etapa de maior desenvolvemento polo que é preciso unha atención axeitada para o desenvolvemento de tódalas súas capacidades”, din desde o Concello.



No medio rural existe unha importante despoboación e dispersión xeográfica que leva a que as familias carezan de servizos complementarios á súa labor educativa.

Esta actividade desenvólvese a través de 2 sesións mensuais de 2 horas de duración durante 9 meses (dende o mes de setembro e ata o mes de xuño).



## MAR

## Expomar formará parte da rede nacional de turismo mariñeiro

A Fundación Expomar formará parte dunha rede nacional de turismo mariñeiro. Este foi un dos asuntos abordados na reunión do padroado, que preside por primeira vez unha muller: Carmela López.

O padroado celebrou a primeira xuntanza ordinaria deste mandato, na que se procedeu á renovación dos cargos por parte dos representantes do Concello de Burela.

A presidenta da Fundación Expomar e alcaldesa de Burela, Carmela López, contou que “celebramos a primeira xuntanza ordinaria do padroado da Fundación Expomar deste mandato. Entre outros puntos tomouse posesión e renováronse os cargos por parte das e dos representantes do Concello de Burela e desde hoxe a Fundación Expomar conta coa súa primeira presidenta”.

O concelleiro de Mar, Ramiro Fernández Rey, é o secretario. E incorporábase ao padroado como primeiro tenente de alcaldesa, Mario Pillado. Na xuntanza fíxose balance do exercicio de 2022, que “foi moi positivo e satisfactorio grazas ás axudas que



a Fundación Expomar recibiu das diferentes administracións”, explicou o xerente, José Manuel González Brais. Tamén se deu conta das actividades realizadas no primeiro semestre: a presentación da Feira Expomar na Casa de Galicia, en Madrid, a presenza da Fundación na feira de Bilbao, así como a Feira Expomar, celebrada o pasado mes de maio en Burela, xunto coas Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial.

Para o segundo semestre deste 2023 “a primeira actividade que se realizou foi unha nova edición de Produart; volveremos a Cabo Ver-

de á Feira Expomar formando parte da delegación galega que ata alí se despraza e servindo de ponte entre as empresas”, seguiu a relatar José Manuel González.

O xerente da Fundación Expomar subliñou que “a acción máis importante que temos no calendario é que formaremos parte dun programa do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a creación dunha rede nacional de turismo mariñeiro, que estará integrada por vilas e pobos costeiros co obxectivo de potenciar o sector náutico pesqueiro a nivel turístico”.



## Comeza unha nova campaña de estudos submarinos

A Federación Española de Actividades Subacuáticas comunicou que se vai desenvolver unha nova campaña na ría de Viveiro, o Ría de Viveiro I, e que nesta ocasión chegarase ata o litoral dos concellos veciños de Xove e O Vicedo e ademais contará con prospeccións no río Landro desde Portochao.

Con esta nova campaña prevese poder estudar a influencia do mar no desenvolvemento e na

evolución das poboacións costeiras e a súa contorna. Así como o xacemento tardo romano de Area, relacionado coa explotación de recursos pesqueiros, a navegación e os hábitos dos residentes da zona.

Este novo proxecto levarase a cabo ata o 15 de outubro cun equipo multidisciplinar de 25 especialistas e continuará os traballos realizados na fragata Magdalena e no fondeadero de Estabañón.

## Villares visitou Celeiro para abordar temas de infraestruturas

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, visitou o porto de Celeiro e mantivo un encontro cos representantes do sector pesqueiro da zona para analizar a situación da frota e as necesidades que afronta nestes momentos. Precisamente, o titular de Mar animou aos armadores de buques pesqueiros a solicitar as axudas convocadas para compensar o encarecemento do gasóleo durante 2022 pola guerra en Ucraína e paliar o seu impacto nas contas das empresas.

O conselleiro de Mar tivo unha primeira reunión na sede social da Confraría onde se abordaron temas institucionais relativos ao sector pesqueiro, analizáronse basicamente temas de infraestruturas e necesidades máis urxentes para o sector, tras a toma inicial de contacto na Confraría, o Conselleiro acompañado do resto de personalidades percorreu a pé toda a fachada marítima do porto ata o peirao norte onde se inte-



resou por últimas actuacións que en materia de infraestruturas o seu departamento realizou en Celeiro; así visitou a moderna nave de redes e o edificio de servizos náutico pesqueiros onde se está executando un proxecto de eficiencia enerxética.

A actuación integral que se está levando a cabo no citado inmoble servirá para mellorar enerxéticamente a instalación e previsiblemente finalizará no mes de outubro. A través deste proxecto mellorarase globalmente o edifi-

cio cambiando o teitume anterior que era de uralita, por unha máis moderna de paneis tipo sándwich con illamento e acabado HPS.

Tras finalizar o seu percorrido polo peirao norte trasladáronse ata o peirao sur ás instalacións industriais onde se sitúa a lonxa, alí visitou a recentemente construída nova nave de almacén e lavado de caixas. Tamén aproveitou para realizar un completo circuito pola lonxa e instalacións industriais, onde visitou varios almacéns de elaboración da pesca.

## Xiringüelo e Maremasma foron os gañadores dos trofeos da Semana Náutica de Ribadeo

A embarcación de Foz, Maremasma, veterana dentro do certame deportivo, xa alcanzara a primeira posición en edicións anteriores, e volveu facelo no XII Trofeo ACISA de Vela Cruceiro celebrado durante os primeiros días da XXXIII Semana Náutica de Ribadeo. Na regata participaron un total de 12 embarcacións.

Á súa vez, Xiringüelo, embarcación local, conseguiu o primeiro posto na segunda regata, o XII Trofeo RCN de Ribadeo Semana Náutica. Na regata de vela tradicional, o XXV Trofeo Deputación, o primeiro posto quedou na casa, sendo a embarcación gañadora, Paradores, patroneada por alumnos da escola de vela do Club Náutico de Ribadeo.

“Estamos moi contentos e satisfeitos coa participación, superando xa o ecuador da XXXIII Semana Náutica”, afirma Pablo Fernández, presidente do Real Club Náutico de Ribadeo.

“Foi nosa primeira Semana Náu-



tica como directiva do club e non podemos estar máis orgullosos da participación e do traballo de todos os traballadores durante estes días”, afirma Pablo Fernández. E é que, durante os últimos días Ribadeo converteuse no epicentro do deporte náutico. A realización de 9 regatas bateu récord de participación e, ademais, tanto as regatas como as actividades en terra, chegaron a un gran número de mozos da zona e visitantes.

## DEPORTES

### Adrián Ben roza a medalla de bronce no Mundial celebrado en Budapest



Adrián Ben proclamouse 4º do Mundo no 800 metros lisos celebrados no no Campionato do Mundo de Atletismo celebrado en Budapest.

O viveirense quedouse a só oito centésimas do bronce, e quedou a un paso do podio que liderou o canadense Marco Arop, campión cun tempo de 1:44.24.

O seu clásico apretón final co que adoita superar aos seus adversarios non foi suficiente nesta ocasión.

O galego entrou cuarto con 1:44.91, o que supón unha

mellora respecto ao sexto posto conseguido en Doha 2019, e un tempo de 1:43.92 na semifinal que é a súa mellor marca persoal.

A veciñanza de Viveiro animou a Ben na final da proba grazas a que o Concello colocou unha pantalla xigante na praza Maior.

“A vila vibrou coa proba, na que o viveirense rematou en cuarta posición. E todos nos sentimos orgullosos de novo de el e de todos os nosos deportistas”, dixeron dende o Concello.

### O Gijón 3x3 e o Pilas Pues foron os gañadores do torneo Urbanbasket Viveiro



O Concello de Viveiro acolleu unha nova edición do seu torneo 3x3 Urbanbasket Viveiro. Houbo dúas categorías, masculina e feminina, cun total de 3.000 euros en metálico en premios.

O Gijón 3x3 foi o gañador do torneo tras impoñerse nunha gran final ao Hoops Ferrol 3x3. Os gañadores do 2Ball foron Sebas e Carlos e o do concurso de triples foi Brais, de Ferrol. Na categoría

femenina o equipo Pilas Pues impúxose ao Quevedo sin el linton. Durante os descansos os rapaces de Street Dance School de Cedeira amenizaron o evento cos seus bailes.

A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, destacou “a consolidación e a importancia deste evento dentro da estratexia do Concello para seguir potenciando o deporte entre a veciñanza”.


## Regresan as carrilanas a Riotorto pero cambian de data

Chega este 23 de setembro de 2023 a segunda baixada das carrilanas en Riotorto, debido ao éxito da edición do ano anterior, a primeira.

A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudar aos negocios.

As inscricións poderán realizarse ata o 20 de setembro ás 23.59 horas. Para inscribirse haberá que facelo a través da páxina oficial.

Os menores de idade enviarán



ao organizador da carreira a autorización correspondente para poder participar na proba, envío

obrigatorio ao [asociacionosmeiregos@gmail.com](mailto:asociacionosmeiregos@gmail.com).

O horario do evento comezará ás 11.00 horas coas verificacións técnicas e administrativas, de 13.00 a 14.00 horas haberá un pincheo. Ás 14.30 horas comezará o remonte de participantes á liña de saída e media hora despois serán os adxustes oficiais.

A saída da primeira baixada oficial será ás 16.30 horas e ás 18.00 será a saída da segunda quenda.

A provincia de Lugo xa conta con varias probas en diferentes concellos, como no de Meira, que chega a cuarta proba ou o de Abadín, que se recuperou tras o parón de tres anos pola covid.

## O Ribadeo FC cae na semifinal da recen creada Supercopa Galicia

O Ribadeo FC caeu na semifinal da Supercopa de Galicia, unha competición que xunta aos oito campións das diferentes copas organizadas no fútbol galego.

Así, o club ribadense xogábase o domingo 3 de setembro en Boimorto o seu pase á final contra o Portonovo SD, campión da Copa Deputación de Pontevedra.

O conxunto de Dani Moirón dominou o balón nos primeiros minutos do partido ata chegar ao descanso cun empate 1-1. Tralo



pitido do segundo tempo, o Portonovo marcou e os ribadenses non foron quen de adiantar o

marcador. Esta final galega disputarase o vindeiro 12 de outubro en Balaídos.

## O Pescados Rubén Feminino contará cun filial en Primeira Autonómica

Na súa sólida aposta polo fútbol sala feminino, co obxectivo de reforzar a estrutura de base do club e poder dar saída a todas esas xogadoras, o Pescados Rubén Burela Fútbol Sala procedeu á inscrición dun equipo en primeira Autonómica sénior feminina.

O adestrador deste novo equipo será Jairo Campo, coordinador da base feminina, e estará formado por xogadoras xuvenís e un número reducido de xogadoras senior.

Esta nova tempada preséntase ilusionante para a sección femi-



nina con previsión de equipos en case todas as categorías de base, desde benxamín ata xuvenil. Se estás interesada en formar

parte deste novo proxecto, rogamos poñerse en contacto co seguinte número de teléfono 649 286 877.

## 39 equipos participan na Copa Deputación de fútbol sala

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina a IV Copa Deputación de fútbol sala, na que participan 39 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

A área de Deportes financia a Copa, cunha achega de 20.000 euros que se distribúe entre os equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 190 e 345 euros), ademais de premiar aos equipos campións (entre 510 e 745 euros) e subcampións (260 e 390 euros) de cada categoría. O deputado de Deportes Efrén Castro explicou que “co patrocinio desta competición reforzamos o apoio aos clubs de fútbol sala da provincia que, ademais de beneficiarse economicamente da participación, teñen a oportunidade de comezar a competir e traballar na posta a punto de cara a temporada” e sinalou “que a Deputación de Lugo é a única entidade provincial que financia este tipo de competición, pola tradición e o alto nivel competitivo do fútbol



sala na provincia, que queremos seguir impulsando”.

**PREFERENTE E FEMININA.** Da categoría Preferente e Primeira División Feminina participan os equipos Ribeira Lieders FS, Grupo Forma-T Vilalba FS, UD Pastoricense, Taboada Feminino, Praias de Barreiros, Concello de Begonte, SD Castroverde e Burela FS B.

**PREFERENTE E MASCULINA.** Na 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina os participantes serán o Ribeira FS, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T

Vilalba FS B, Praias de Barreiros CB, Concello de Begonte FS, Covirán Quiroga FS, Os Meigallos FS, Club Deportivos Casás, PM Friol FS e ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

**PRIMEIRA E SEGUNDA.** E na Primeira e Segunda División Masculina participarán o CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, Ribeira FS B, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concellos de Begonte FS B, Yocreapptive Sala, Luisitalia, SDCX Atl. San Antonio, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC e FSF Castro.

## A Carreira Valadouro-Alfoz será o 9 de setembro

Os concellos de Alfoz e O Valadouro acollerán o vindeiro sábado 9 de setembro a II Carreira popular Valadouro-Alfoz, que será unha proba que se disputará sobre un percorrido moi rápido de 6.500 metros, totalmente urbanos, nun tempo de 60 minutos.

A cita deportiva, que terá saída a partir das 10.30 horas da mañá, será sobre un circuíto de 200 metros para Pícaros, 600 Benxamíns, 1.200 Alevíns, 1.600 Infantís e Cadetes e 6.500 para a competición Absoluta. Con saída fronte a Oficina de Turismo do Valadouro e meta e saídas de categorías inferiores no pavillón municipal de Alfoz.

A competición transcorrerá por un circuíto mixto pechado á circulación de vehículos, cun perfil moi suave propicio para unha carreira rápida.

A inscrición estará limitada a 200 corredores para a carreira absoluta, 50 corredores para a carreira Pícaros, 50 corredores para a carreira Benxamíns, 50 corredores para a carreira Alevín, 50 corredores para a carreira Infantil e Cadete. As inscricións en liña



poderán realizarse ata o 7 de setembro.

De 9.00 ata 15 minutos antes da saída absoluta poderanse recoller os dorsais na carpa da organización situada na casa de cultura do Valadouro. Desde as 10.30 ata ás 11.30 horas entregaranse os dorsais dos menores no pavillón. As saídas da carreira comezarán ás 11.30 horas cos Pícaros, e cada 5 minutos unha categoría ata ás 10.30 que será a Absoluta.

A entrega de trofeos das probas realizarase ao finalizar a carreira Absoluta.

## O CD Lugo gaña o XXXIV trofeo de fútbol Vila de Foz

CD Lugo e SD Compostela disputaron no campo Martínez Otero a XXXIV edición do trofeo de fútbol Vila de Foz. Tralo empate dos 90 minutos de partido, o trofeo de Foz decidiuse nos penaltís. Nesta ocasión foi máis eficaz o Lugo, que se impuxo por 3-1. O alcalde, Fran Cajoto entregou o trofeo ao equipo gañador. O Trofeo Vila de Foz está organizado polo Club Deportivo Foz e o Concello de Foz.



## O FC Porto levouse o Trofeo Festas Patronais de Ribadeo

O Río Breogán comezou na vila ribadense a súa pretempada no que foi o Trofeo Concello de Ribadeo e que se enmarcou no programa das Festas Patronais 2023.

Así, o Río Breogán mediuse ao FC Porto e arrincou cunha derrota (71-75), nun partido que dominou ata que chegou o último cuarto.

Como anécdota do trofeo, o portugués Fayne reventou o aro da canastra cun espectacular mate



e o partido tivo que ser interrompido durante algúns minutos antes de que o FC Porto sentenciase o marcador.

## Gran éxito no Mini BTT de Muras organizado polo Club Ciclista de Viveiro



Muras volveu acoller por segundo ano consecutivo o Mini BTT organizado polo Club Ciclista Viveiro cun gran éxito de participación. A competición que arrincou ás 10.00 horas para as categorías prebenxamín, promesas, principiantes, alevíns e infantís contou cun día de bo tempo que permitiu aos pequenos desfrutar do percorrido.

Máis de douscentos inscritos participaron nesta segunda edición na que os primeiros postos foron, na categoría Bexamin feminino para Mara Lois Vázquez e na masculina para Lucas Alvarías Iglesias. Na categoría Alevín masculino o gañador foi Iago Gómez

Martínez e na feminina o primeiro posto foi para Marta Utrera Carballo. Na categoría Infantil o primeiro posto do grupo masculino foi para Lucas Lozano González e o feminino para Iris Santana Cacabelos. Na categoría Principiante, Lucas González García foi o gañador do grupo A mentres que Miguel Velle Pérez foi o gañador do grupo B e pola súa parte Aldara Gaciño Cernadas foi a gañadora do grupo feminino.

Por último na categoría Promesa, Hugo Ramos Martínez foi o gañador do grupo A e Hugo de Cea Diz do grupo B mentres que Iria Ruiz Vázquez foi a gañadora do grupo feminino.

## EN BREVE

**SD BURELA.** Continúa aberto o prazo de inscricións para a vindeira tempada 2023/2024 en todas as categorías da SD Burela. A data límite de inscrición é o día 8 de setembro. Como novidade, este ano contarán con dous equipos en categoría infantil e outros dous en categoría cadete. Por último, informaron de que están a buscar nenos e nenas especialmente en categoría prebenxamín. Para calquer dúbida haberá que poñerse en contacto no teléfono 646 895 358. Así mesmo, tamén presentaron oficialmente a directiva e a plantilla para a tempada 2023-2024.

**ALFOZ.** Do 1 ao 7 de setembro ábrese o prazo para inscribirse en fútbol campo e fútbol sala das Escolas Deportivas Municipais de Alfoz. A folha de inscrición deberá entregarse na Oficina de Rexistro do Concello de 9.00 a 14.00 horas ou a través da Sede Electrónica Municipal. O ano pasado as escolas deportivas municipais incluíron tamén a modalidade de patinaxe lúdico para nenas e nenos de 4 a 16 anos. Para máis información e os horarios haberá que chamar ao teléfono 648 261 588.

## A Deputación aproba as axudas para clubs e entidades deportivas

A Xunta de Goberno aprobou a resolución provisional da concesión de subvencións de concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas da Vicepresidencia da Deputación, a principal liña de investimento da área de Deportes cun importe de 600.000 euros, un 20 por cento máis que o ano pasado. O incremento tradúcese no crecemento das entidades beneficiarias: concédense 267 axudas para actividade competitiva -frente ás 225 do ano 2022- e 64 para a organización de eventos -frente ás 56 de 2022-.

O vicepresidente da Deputación e deputado de Deportes Efrén Castro explicou que "apostamos por reforzar esta liña de subvencións conscientes de que é o principal apoio económico que teñen moitos clubs, maioritariamente clubs de base, para desenvolver a súa actividade ao longo do ano".

Na resolución das axudas tiveron-se en conta os criterios fixados nas bases da convocatoria como o rendemento ou a incidencia social do club, o fomento da igualdade e a integración ou a localización, primándose aos de concellos con menos de mil habitantes.



**EMMA CUERVO FEMININO.** O trofeo da III edición do Emma Cuervo feminino disputouse entre o Oviedo e o Entrerriás, resultando vencedor este último cun 2-1. O público asistente gozou dun encontro igualado que mantuvo a tensión ata os últimos minutos. "Debemos apoiar o deporte feminino como se merece e encher o Pepe Barrera e os pavillóns cando teñamos oportunidades", dixeron os organizadores do torneo. O Ribadeo FC, como organizador do Emma Cuervo, comprométese coa organización do trofeo Emma Cuervo Feminino, dando o mesmo trato que o masculino.

## O Altruán recibe unha achega para unha nova embarcación

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a relación definitiva das solicitudes beneficiarias, as desestimadas e as inadmitidas, ao abeiro da Orde do 13 de abril de 2023 para a concesión de subvencións a clubs deportivos galegos con licenzas de deportistas con discapacidade, para a adquisición de equipamentos deportivos para deporte adaptado. Así, o Club de piragüismo Altruán

de Ribadeo recibiu unha achega de 2.228 euros para mercar unha embarcación adaptada.

A través destas ordes de axudas de equipamentos deportivos, as entidades xa podían obter equipamento deportivo adaptado.

A novidade é que a orde de equipamentos aprobada polo Consello é a primeira que se publica especificamente para deporte adaptado.

## A IV Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro será os días 9 e 10 de setembro

Un ano máis, Viveiro acollerá a Carreira de Cabalos Cidade de Viveiro, na que os amantes dos equinos poderán presenciar as mellores carreiras.

Este torneo vaise disputar os días 9 e 10 de setembro no campo de fútbol de Celeiro, e chega este ano a súa cuarta edición.

A xornada comezará o sábado 9 ás 10.00 horas coa final do campionato de andadura individual, e de 16.00 a 17.00 horas haberá unha exhibición de pastoreo con cans. De 17.00 a 20.00 horas será a quenda do Campionato de Andadura por equipos e ás 20.00 a entrega de premios e medallas.

Xa o domingo 10, será a proba de andadura libre con todas as súas modalidades ás 11.00 horas e ás 14.30 horas haberá un descanso para xantar. Xa pola tarde serán as carreiras de galope cruzados por alturas, andadura libre serrada de menos de 1,51 e as sub16.

Ás 19.00 horas será o galope PRG e media hora despois o PRA. Para que, acto seguido, entréguese as medallas e premios.

Haberá premios de andadura



libre serrada e chapeada de menos de 1,51 metros e de máis de 1,51 metros, ao maior número de cabezas equinas e de vacún, a andadura sub16, a galope de menos de 1,51 e de máis de 1,51. Tamén haberá trofeos para a carreira pura raza galega e pura raza árabe nacional.

Está organizado pola asociación Cabaleiros do Landro, a Federación Galega de Hípica, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro.

Para máis información haberá que poñerse en contacto nos teléfonos 600 968 204 ou 678 069 886.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

	Emerxencias: <b>112</b> Urxencias Sanitarias: <b>061</b>	Incendios Forestais: <b>085</b> Garda Civil: <b>062</b>	
---	---	--	---

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

# DEPUTACIÓN

## A Deputación asesorou a 1.230 empresas co plan Acelera PEMES

Atendéronse máis de 1.600 consultas dende a súa posta en marcha hai medio ano co despregue de 7 axentes dixitais que percorren as comarcas

A Deputación de Lugo xa prestou asesoramento gratuito a 1.230 empresas da provincia de Lugo en materia de transformación dixital grazas ao programa Acelera PEMES que ten en marcha dende hai medio ano. Así o informou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, quen lembrou que esta iniciativa impulsaa o Goberno do Estado para fortalecer e para facer máis competitivo o tecido empresarial do país a través da transformación dixital.

A día de hoxe, no marco deste proxecto, a Deputación atendeu máis de 1.600 consultas. “É un volume de actividade moi bo en apenas medio ano, o que evidencia que este programa está sendo de gran interese para as pequenas e medianas empresas que traballan no noso territorio”, subliñou García Porto.

A iniciativa, explicou a Deputada, serve para que as pequenas e medianas empresas da provincia e os autónomos aproveiten os recursos que ofrece a dixitalización e as novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. Desta maneira, “gañan en competitividade, en produtividade e en eficiencia, e tamén é moi útil para que abran novas oportunidades de negocio”.

“As experiencias que estamos tendo son moi positivas, sobre todo naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes, onde estamos focalizando máis os esforzos, ao ser onde



detectamos que é máis necesario”, explicou, ao tempo que avanzou que o seguinte paso que dará a Deputación será, a partir de mediados de setembro, poñer a funcionar un servizo móbil que percorrerá todos os concellos para facer presentacións e chegar a máis empresas. “Faremos reunións para explicar polo miúdo o programa e chegar ao maior número de persoas posible. Iremos informando puntualmente para que a xente saiba en que localidade imos estar cada día”, indicou.

García Porto destacou que con este proxecto “fortalecemos o apoio ao tecido produtivo da nosa provincia como unha das liñas de actuación prioritarias que temos no Goberno provincial, pois, xunto coa dotación de servizos públicos de calidade, é un factor esencial para fixar poboación no noso rural”.

**AXENTES DIXITAIS.** A Deputación

conta con 7 axentes dixitais que se moven polas diferentes comarcas para establecer contacto con empresas, ofrecerlles axuda de maneira gratuita e indicarlles como poden solicitar o Kit Dixital. Ademais, instaláronse oficinas para prestar asesoramento e acompañamento gratuito nos concellos de Viveiro, Lugo, A Fonsagrada, Láncara, Monforte e Vilalba.

Neses encontros coas empresas estudan a situación da que parte cada unha delas e buscan ferramentas que encaixen coa súa actividade para beneficiar o seu volume de negocio. Por exemplo, axúdanlles a crear redes sociais e impulsalas para que teñan máis seguidores, tamén á posta en marcha de Whatsapp Business para que interactúen coa súa clientela ou implantan solucións dixitais específicas do seu sector que son moi útiles para os negocios.

## Xunto á Asociación de Empresarias impulsa o emprego feminino rural



O presidente da Deputación de Lugo, Jose Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), Anjhara Gómez Rodríguez, asinaron no Pazo de San Marcos un novo acordo entre ambas entidades para impulsar o emprego feminino no rural da provincia. A institución provincial achega así preto de 40.000€ para a posta en marcha do programa Aulas Abertas, mentres que AELU aporta máis de 2.000€. Esta iniciativa nace co obxectivo de formar e crear networking a través de obradoiros nos que se amosará de maneira gratuita ás participantes as posibilidades de diversificar as súas actividades profesionais. Deste xeito, foméntase o empoderamento persoal, facilítase o coñecemento do mundo empresarial e do emprendemento e ofrécense técnicas para desenvolver as capacidades e potencialidades das par-

ticipantes.

José Tomé destacou a importancia deste acordo, que busca seguir “fortalecendo e diversificando o tecido produtivo da provincia a través do apoio a proxectos empresariais e emprendedores liderados por mulleres, o que favorece a xeración de riqueza e emprego, e, polo tanto, fixar poboación”.

Aulas Abertas conta con tres áreas educativas principais: a transformación de produtos agrogandeiros, o aproveitamento de recursos e a creación dunha imaxe nas redes, que suman 150 horas. Ademais, complementase con conversas con emprendedoras. Esta formación estará impartida por un técnico de emprendemento e un técnico en informática.

Aulas Abertas comezará no outono e AELU estima que serán arredor dun cento as mulleres beneficiarias desta iniciativa.

## Esixe á Xunta a fin dos recortes de persoal na educación pública

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes de persoal na educación pública, que dende que governa o PP na comunidade autónoma supuxeron a redución de 841 profesoras e profesores, segundo un informe da propia Consellería. Así se acordou tras unha proposta do Goberno que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP.

A voceira socialista, Pilar García Porto, fixo referencia ao anuario *Datos e Cifras da Ensinanza non Universitaria* elaborado pola propia Xunta para

debuxar a situación que está a vivir a educación pública en Galicia en xeral, e na provincia en particular, porque “as dúas velocidades cara onde camiña a Xunta de Galicia no rural e no urbano fan que o asentamento de poboación nas zonas rurais aínda sexa cada vez máis complicado”.

“A política de abandono do rural galego por parte da Xunta fai que as familias teñan cada vez menos opcións para comezar o seu proxecto vital lonxe das cidades”, denunciou García Porto, quen sinalou que, segundo os datos dese mesmo infor-

me, dos 1.246 centros escolares que había no ano 2008 quedan 1.082, un 13% menos.

A deputada contrapuxo esta política de recortes coa que tiña en marcha o bipartito de PSdeG e BNG con medidas como a gratuidade dos libros de texto para a educación primaria, unha medida que eliminou Alberto Núñez Feijóo “nada máis entrar no Goberno da Xunta”.

Puxo como exemplo dos “continuos recortes da Xunta do PP en educación” o que sucede nos colexios públicos de Abadín e do Incio.

## Convocada unha nova edición do Volante Deputación

Os próximos 16 e 17 de setembro celébrase a 12ª edición do Volante Deputación de Lugo, unha actividade que pretende chegar a calquera persoa sen experiencia o mundo da competición automobilística, vivindo desde dentro un rallie como o San Froilán, tal vez o mais carismático de Lugo, combinando deporte e formación, posibilitando ao gañador vivir a experiencia de pilotar participando nun rallie.

Esta iniciativa deportiva, con carácter absolutamente gratuito, que está posta en marcha pola Deputación de Lugo, consiste nunha selección onde os participantes recibirán un


curso de condución para igualar e equilibrar coñecementos entre uns e outros. Celebrarase no circuito da Pastoriza. O proceso de selección estará supervisado por un xurado composto por pilotos, monitores de PTC Escuela e colaboradores deste proxecto.

O prazo para enviar os formularios de inscrición estará aberto ata o xoves 14 de setembro de 2023 ás 13:00 horas. As prazas están limitadas a 160 participantes, e será por rigoroso orde de recepción das inscricións. O titular do primeiro premio será seleccionado como piloto e participará no Rallye San Froilán 2023.

# COLABORACIÓN

## Un Bernini discreto

### CULTURA



Rebeca Maseda

“A beleza perece na vida pero é inmortal na arte”  
Leonardo Da Vinci

Son as nove e media da mañá, rematei de almorzar no meu hotel en Roma e saio camiñando baixo un ceo totalmente azul e cun calorciño que xa case aperta. Por Via Flavia a xente comeza unha nova xornada; camareiros e camareiras colocan manteis a cadros nas mesas das terrazas para a hora do xantar, repartidores e repartidoras apuran os últimos minutos de carga e descarga e un funcionario fuma un cigarro con certo apuro diante dun Ministerio. É dicir, un día máis no caos romano. Eu contiño abstraída co meu paseo. Xiro á esquerda e alí está, unha igrexa sinxela e pequena que pasa totalmente desapercibida no medio da fartura patrimonial de Roma. Incluso a madeira das portas está algo desaliñada: Santa Maria della Vittoria. Fascinante, non hai ningún facendo cola para entrar.

O turismo de masas pendura entre a Fontana di Trevi, o Coliseum e catro sitios máis, alleo ao tesouro que agocha ese lugar máxico. Unha das máis grandes obras de arte da cultura occidental: L'Estasi di Santa Teresa de Gian Lorenzo Bernini (1598-1680).

Como a gran maioría, eu xa vira imaxes de tan ilustre escultura, pero poder sentarse tranquilamente e admirala con todo luxo de detalles a tan só uns poucos metros de distancia é outra experiencia ben distinta... A verdade, quedei sen palabras.

É completamente necesario enmarcar a escultura no contexto espacial na que se atopa, a chamada Capela Cornaro, encargada polo cardeal Cornaro en 1647. Estamos a falar dunha capela familiar na cal podemos identificar aos distintos membros dos Cornaro representados. Esta construción é moi importante no ámbito do barroco xa que consegue unha total integración das artes, obtendo unha composición perfecta. A capela organízase -segundo a teatralidade típica da época- a modo dunha escena teatral: Aos lados e situados en tribunas, a familia Cornaro asiste á escena da éxtase

mentres conversan entre eles de maneira animada.

A escultura de Santa Teresa atópase no centro, aloxada nunha

llando no deseño de escenarios). Toda a capela está realizada en mármore de cores e tipos diferentes, en total máis de vinte variedades,



hornacina formada por columnas aos lados e coroada por un dintel curvado que achega movemento á escena. Trátase, polo tanto, dun verdadeiro escenario (o propio Bernini xa tiña experiencia traba-

des, o que o converte nun proxecto moi rico, custoso e luxoso.

Esculpida na súa totalidade en mármore branco, Bernini sabe captar á perfección o sutil movemento tanto das vestimentas


da santa -caracterizadas por ese encartado barroco que tanto repite o mestre escultor-, como do vaivén do anxo; imprimindo deste xeito un carácter etéreo á composición. Trátase dunha escultura tremendamente expresiva que é capaz de emocionar ao espectador debido ao gran talento que ten Bernini para crear non só unha obra de arte que fale por si mesma, senón todo un

ambiente; un conxunto de luces, cores e formas diagonais no que calquera pode verse mergullado. Esta peza constitúe unha auténtica icona da escultura barroca italiana no seu foco romano, xa que concentra todos os ingredientes deste movemento artístico. Pero ademais, acabou dando lugar a unha nova corrente iconográfica en torno á figura de Santa Teresa, converténdose nunha fonte de inspiración constante para futuros artistas.

Que delicia perderse polas rúas de Roma e descubrir paraxes incribles e arte en cada recuncho da cidade. Si, o mundo non remata cos catro puntos sinalados en grande en Google Maps... Vai un pouco máis alá e crea a túa propia lista de imprescindibles!

## O anel da avoa

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Catro fillas. Catro, unha diante doutra, así ata chegar á cuarta, con dezaoiito anos de diferenza entre a máis vella e a miña nai. Os meus avós adicáronse na maior parte da súa vida ao sector primario, isto é o conxunto de actividades económicas que obteñen materias primas do medio natural, gandería e agricultura, a pequena escala, nada extensivo. Por mor da familia numerosa entendemos que parte da explotación era para o autoconsumo. Nunha aldea do monte, preto de Chavín, por iso os seus carnés din que son nadas en Viveiro, malia que de rapazas se mudasen á Rigueira, a miña aldea. Matizo isto porque

sempre foi motivo de liorta, elas disque son de Viveiro, porque hai un documento identificativo que así o acredita. Engado eu, porque nunca quixeron ser de Penas Agudas. Por todos nós son coñecidas estas rivalidades coas vilas veciñas, pois isto vén a ser coma o derbi das praias. Contextualizo porque me parece moi fermoso afondar nas raíces, cómpre entender de onde vivimos, e como dita un letreiro no muro do Instituto de San Ciprián: “Para que non se tupan os oídos a medida que se ascende ao máis alto”.

Catro fillas, porén a avoa non fixo outra cousa que alindar ovellas ata criar fillas. Unha detrás doutra, ata que unhas axudaron a criar das outras. Ata casar e marchar, daquela volvía sela avoa para todas. Catro fillas buscando o varón que o avó non soubo facer. “Otra niña!” lle berrou polo teléfono unha

monxa que atendía no hospital en Lugo ás embarazadas, a un case que desilusionado meu avó da outra liña do teléfono, porque ás cousas hai que chamalas polo seu nome. Cando non podía máis, acostumaba a escoitarse a Libardo dicir para os seus adentros: “Bendito tú eres entre todas las mujeres”. O certo é que tivo moita sorte e Anisia non se equivocaba cando dicía que as fillas lle saíran boas, pero os xenros non eran peores. Que se era pacifista? A que máis. Trouxo o nome de Cuba, Anisia, coma Anisia Miranda, a muller de Xosé Neira Vilas. Casualmente, tamén houbo outra Anisia moi importante na familia paterna, a favorita de papá, porque coído que todos temos unha tía favorita. Malia que eu as amole dicíndollo cada día a unha, vantaxes de ter tres, que sempre teño quen me escoite, ou quen me riña, tamén é cer-

to. A avoa trouxo o nome e mais unha cadea de ouro, de malla cubana, que agora levo eu cunha medalla da Virxe do Carme que reza Anisia Lopez, o pauño da zeta parece gravado á man, teimas da avoa, ben seguro foi ela a que ou o fixo ou o ordeou facer. Os xoieiros acostuman a preguntarme pola malla tan peculiar que porto, e a min máis que a cadea o que me pesa só é o seu recordo. A avoa non tiña xoias, e o avó tampouco era dado a galanos. Mesmo cando xa tiña unha idade, metíanos cartos no peto aos netos, pero nunca del saíu mercar un agasalho. Houbo unha excepción, mercoulle á avoa un anel de Sargadelos, pero a avoa non sacaba as mans de clarear a roupa do lavadoiro, e fixolle ir á xoiería de Galdo para que convertesen o anel nun broche, encaixado na lapela da americana que levaba cando quería ir especialmente

ben vestida. O broche quedou para a miña nai cando a avoa faltou, porque a coidou a ela de vella do mesmo xeito que fixera con ela de nena. Di unha das miñas tías que fame non pasaron nunca, pero que sempre pasaron gana de moitas cousas. Anisia acostumaba a dar un bico ao pan antes de tiralo, dubido moito que pola compoñente relixiosa, pero si porque durante a súa vida adulta tivo que quitarlle o balorecido moitas veces para ter con que facerlle bocadillos ás catro fillas. Imaxínade entón o especial que era aquel broche para a avoa. Eu pedínllle á miña nai, e case que por respecto, gardeino con tino ata que o vin convertido de novo en anel como agasalho polo meu vintenoove cumpreanos, sen eu saber nada, a xoia máis fermosa que vou a ter xamais chegou en mans da miña persoa favorita.

## Eles futbolistas, elas profesoras

### O PUPITRE



Julio Díaz

**L**evaba varios días pensando que tema podería levar ao meu pupitre, neste mes de agosto, para non cargar aos lectores con ningún tema técnico nin profesional, pensaba en algo que fose máis relaxado, máis distendido, acorde ao período vacacional no que nos atopamos. Despois de moitas voltas e a poucas horas da emocionante vitoria do Mundial de fútbol feminino, no que as nosas rapazas fixeron historia, veu a miña memoria unhas estatísticas que manexara hai uns días e que plasman o que querían ser de maiores os máis mozos en Galicia, onde elas se decantaban por oficios relacionados cos coidados, mentres eles buscaban ser futbolistas ou policías.

Un ano máis, que os nenos e nenas galegas soñan con ser profesores, futbolistas, veterinarios ou policías non é ningunha novidade, estas son e foron as profesións máis votadas por todos eles nas 17 edicións, a primeira aló polo ano 2004, na enquisa realizada por Adecco e na que se pregunta, Entre outras moitas cuestións, *Qué queres ser de maior?*, a cal tras o parón dos dous últimos anos por motivos da pandemia que acabamos de sufrir, volve para achegarnos o punto de vista dos máis novos da casa en temas relacionados co mundo da empresa e do traballo.

A fenda de xénero entre homes e mulleres ponse de manifesto durante os primeiros anos de vida dos nosos rapaces, así é como se presenta na xa citada enquisa de Adecco, na que un 36,1% dos nenos galegos queren ser futbolistas, un 12,4% policías e un 9,2% profesores. No 26,3% dos casos elas se de-

cantan pola profesión docente, veterinarias o 13% e doutoras un 8,5%.

Podería asegurar, sen risco de equivocarme, que despois

reflectiría un resultado completamente distinto no caso das nosas rapazas e a profesión de futbolista pasaría a ser unha das primeiras opcións que elixi-



desta ilusionante vitoria das nosas xogadoras da selección española de fútbol, a enquisa

rían, de feito o que comezou sendo unha novidade na enquisa do ano 2019, que se agudiza

no ano 2023, e é que moitas rapazas elixen xa ser futbolistas entre as súas primeiras opcións quizás sexa un reflexo do protagonismo que os equipos de fútbol feminino están a ter ultimamente e da visibilidade que lles están a dar nos últimos tempos os medios de comunicación e as redes sociais.

Quería completar esta reflexión con profesións da enquisa de Adecco que chamaron a miña atención e que aparte destas profesións elixidas, o estudo manifesta que outras anécdotas embelesan aos nosos rapaces, como ser Ninja, CEO de marketing, campiona de Jiu-Jitsu, drifter, cosmólogo, copiloto de avións de guerra, explorador de tesouros, profesional do tambor ou presentador do "Hormiguero".

Non quixera rematar sen felicitar novamente ás nosas "futboleras" con un sentido. AUPA CAMPIOAS

## Rexurdimento temporal

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**E**scribimos este artigo a última semana do mes de agosto deste presente ano dous mil vinte e tres, no que semella todo volveu á normalidade de maneira definitiva, ou iso agardamos polo menos ata a vindeira historia que outra vez poña todo patas arriba. Atrás queda aquel marzo do vinte e o que viría a continuación, que parece foi hai moito tempo, pero que todos lembramos perfectamente. O verán estase a desenvolver sen novidades salientables. Houbo que ir votar nunhas eleccións xerais convocadas para unha data atípica, co que iso supuxo, tanto nas semanas previas como nas posteriores –e o que falta aínda por vir e por ver-. E a iso cómpre engadirlle que tralos comicios municipais de maio, constituíronse as novas corporacións locais para os próximos catro anos. Ata o de agora, toquemos madeira, o lume, por fortuna, non tivo o triste protagonismo que observamos en certas bisbarras do País o ano anterior. Asistimos a días de

abafante calor, pero a auga fixo aparición e da maneira á que estamos afeitados ver chover por estes lares.

Xa no verán anterior puídemos comprobar como volveran ao rego as cotidianeidades de



sempre. Así, as viaxes e as vacacións de novo foron noticia, pero xa sen restricións. Vimos como o persoal enchía restaurantes, praias, .... Como se o mundo acabase, había que aproveitar o momento, polo que puídesse vir a posteriori. Aquí, no noso radio de acción, vimos como se revitalizaban

verbenas, festivais e demais eventos. Calquera escusa era boa para divertirse e tratar de pasalo o mellor posible, quedando atrás o auténtico pesadelo que foi o maldito Covid 19. En resumo, como calquera verán pretérito, anterior á pandemia. Nada extraordinario, podemos dicir. E o destes dous últimos meses, pois aí están as imaxes que proxectan os medios de comunicación. Os diferentes camiños de Santiago, petados de peregríns. Aeroportos, estacións de trens e buses, ategados de xente que vai e ven. As terrazas dos bares, os restaurantes, zonas de baño, etc. son unha proba de que aquilo que nos condicionou a existencia xa forma parte do pasado.

E todo iso poderíamolo facer extensivo nas nosas aldeas, parroquias e vilas. Se no resto do ano comprobamos o significado da Galicia baleira, chegou a época estival e aqueles lugares onde cada vez quedan menos veciños e cada vez de maior idade semellan rexurdir dese letargo. As airas, os camiños e ata as corredoiras acollen uns visitantes que dan pulo a zonas que durante meses están orfas dunha vida humana que

tanta presenza tiña en tempos pasados. Volveren aqueles que marcharan lonxe, xa entrados en anos, pero tamén os seus fillos, os da xeración baby boom, quen xa son pais e nais, polo que tamén veñen coas súas crianzas e os achegados delas.

Todos dan fe de sitios de gran fermosura e valor sentimental, os que nuns días volverán encherse de silencio e soidade, agardando outro verán por aqueles que, aínda de forma temporal, fan lembrar o que aquí había.

### O RECUNCHO DE CANELINA



## DE RUTA EN RUTA

# Cervo: ruta do Xunco

Este río nace nos montes do Buio e percorre varias parroquias ata desembocar na enseada de Rueta

Esta ruta de sendeirismo de dificultade moderada iníciase en Sargadelos e acaba na praia de Rueta. Ten un percorrido de case 6 quilómetros o que lle levará aos sendeiristas case 2 horas para admirar a beleza da paisaxe e a natureza da contorna. Durante o percorrido os participantes gozarán das vistas do río Xunco e dos diversos muiños polos que transcorre o traxecto.

O inicio da ruta atópase na fonte de Sargadelos, cun primeiro contacto visual co río Xunco. A partir de aí tómanse contacto co río e séguese o seu curso ata a desembocadura do mesmo na praia de Rueta.

Unha vez nesta fermosa praia e en función do estado da marea, xa sexa preamar ou baixamar, ofrécese dúas posibilidades. Unha saída a través da praia se se atopa en baixamar, ou a través da vía do tren en preamar. A saída a través da vía do tren está sinalizada cun sinal de cruzamento perigoso. Así mesmo, atópanse expostos os horarios de tren para que o sendeirista teña no seu coñecemento as horas de paso. Como dicíamos ao comezo, o traxecto percorre 11 muiños diferentes e

en orde de aparición dende Rueta a Sargadelos son o Muiño de Souto Vello, do Pericaino, do Cubano, de Alexos, da Fionza, da Rubia, das Quintas, de Benito, do Mornelo, do Pernán e das Fábricas Vellas ou Muiño de Vernizes.

O río Xunco nace nos montes do Buio e os seus algo máis de 15 quilómetros percorren as parroquias de Rúa, San Román, Sargadelos e Cervo para finalmente desembocar na Enseada de Rueta. Ten un curso rápido e escasa lonxitude, e ao longo da súa

canle existen diversas construcións que aproveitaron forza da auga e serviron para a produción de enerxía, a presa e a minicentral eléctrica. Seguindo a beira do río chégase á ruta do Xunco e a un camiño coñecido como Paseo dos Namorados.

A praia de Rueta está situada na desembocadura do río, sendo unha das paraxes máis singulares da costa lucense. A unión do mar, o areal, a súa orografía repregada en se mesma e a presenza do Castro de Rueta fan deste enclave uno dos máis admirables

do Concello de Cervo.

Nas inmediacións do Paseo dos Namorados aparece a Fonte da Tella e o Xardín Botánico (monte da Escarabelada), onde o Concello está a desenvolver o seu proxecto de reforestación con especies autóctonas. Outro dos ríos importantes do concello é o río Cobo, que nace no mesmo lugar que o Xunco, nas turbeiras de Pao da Vella, nos montes de Buio. Este río que tamén posúe unha lonxitude similar á do Xunco, rega as terras de Trasbar, Castelo, Gondrás e

O Guioncho ata finalizar no mar no estuario á beira da praia de O Torno. Estes dous alvéolos, os máis importantes do termino municipal cervense, posúen, especialmente nos seus tramos altos, abundante flora autóctona como amieiros, salgueiros, freixos, bidueiros, etcétera, así como unha rica fauna composta de peces como as troitas e reos e de ras e pínegas. Ademais, tamén se poden ver nas súas augas laverca e aves coma as lavandeiras, garzas ou o merlo acuático.



## DATOS



2 horas



5,6 quilómetros



Dificultade  
baixa

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:  
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:  
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO  
FORMA-t**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605